


15° INFORME

2025

O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DOS INDICADORES DE
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL DA AXENDA 2030 EN GALICIA



#EstadoDePobreza

#PobrezaGalicia



EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social

www.pobreza.gal

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
EVOLUCIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL	7
INDICADOR AROPE	7
AROE POR SEXO	9
AROE POR IDADE.....	11
AROE POR GRUPOS SOCIAIS.....	12
AROE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS	14
COMPOÑENTES DA TAXA AROPE	16
RISCO DE POBREZA.....	16
BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH).....	24
CARENCIA MATERIAL E SOCIAL SEVERA (CMSS).....	27
O PAPEL DAS PENSIÓNS NA REDUCIÓN DA POBREZA.....	35
O PAPEL DA POBOACIÓN MIGRANTE	38
DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA	43
RENDAS	43
INDICE DE GINI.....	49
RELACIÓN S80/S20 E S90/S10	49
O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO.....	51
O EFECTO DAS TRANSFERENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO	52
O ALCANCE DAS PRESTACIÓNS SOCIAIS	57
O PAPEL DOS CONCELLOS NA REDUCIÓN DA POBREZA.....	58
ACCESO Á VIVENDA E POBREZA	64
O PROBLEMA DA VIVENDA	64
CONDICIÓNS DA VIVENDA.....	70
RESUMO EXECUTIVO.....	74

INTRODUCCIÓN

Este informe forma parte do XV Informe “El Estado de la Pobreza en España 2025”¹ que vén de presentar a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España) da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza forma parte.

En base á información oficial da [Enquisa de Condicións de Vida 2024](#)² do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Eurostat e o Instituto Galego de Estatística (IGE), preténdese ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento **dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas. En especial o primeiro (ODS 1): “Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais”³.

Especificamente, pretende avanzar no cumprimento da [Meta 11 do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030](#), no que se establece o compromiso de que no 2030 “Reducirase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social ata o 14%, o que suporía unha diminución de polo menos 150.000 no número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social”.

Este XV Informe amosa os cambios rexistrados no número de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o estudo do indicador AROPE e as súas compoñentes utilizando unha perspectiva temporal na que as variables se estudan no momento actual e en determinadas datas de referencia: o ano anterior, para avaliar a evolución recente; 2015, para avaliar o cumprimento das metas da Axenda 2030 e, nalgúns casos 2008, para continuar a observación da serie histórica.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ao **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE)**. Este indicador, establecido para toda a Unión Europea, resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

1. Risco de Pobreza. Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)⁴. A mediana de ingresos por unidade de consumo da poboación en 2024 é de 19.307€. Por tanto, supuxo ingresar menos de 11.584 € ao ano (965€ € ao mes) nun fogar dunha

¹ <https://www.eapn.es/estadodepobreza/descargas.php>

² Encuesta de condiciones de vida. Resultados 2024: <https://tinyurl.com/22q6oowd>

³ <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>

⁴ En todo o informe utilízase o limiar estatal de pobreza e non os limiares de cada CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é axeitado para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial como un dos seus valores.

persoa, ou menos de 24.327 € ao ano (2.027 € ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores.

Están en **risco de pobreza severa** todas aquelas persoas que viven en fogares cuxos ingresos por unidade de consumo sexan inferiores ao 40% da mediana da renda, é dicir, todas aquelas persoas que viven en fogares con ingresos inferiores a 7.723 € ao ano (644 € ao mes) nun fogar dunha persoa ou 16.218 € ao ano (1.352€ ao mes) nun fogar de dous adultos e dúas nenas ou nenos.

2. Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH). A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 64 anos que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas).

3. Carencia ou Privación material e social severa (CMSS). Coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, a CMSS inclúe a aquelas **persoas que viven en fogares que non poden afrontar sete ou máis conceptos ou elementos de consumo dun total de 13** considerados básicos no territorio UE:

- Atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, peixe ou o seu equivalente vexetariano cada dous días.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (de 800 € este último ano)
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
- + Non pode substituír mobles estragados ou vellos.
- + Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- + Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións .
- + Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- + Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer (deportes, cine, etc.)
- + Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de cartos en si mesmo cada semana.
- + Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar.

É necesario lembrar **algunhas precisións metodolóxicas**. En primeiro lugar, respecto á información recollida na Enquisa de Condicións de Vida (ECV), debe recordarse especificamente que os datos da renda dos fogares refírense ao ano anterior da

enquisa, polo que todos os indicadores derivados dos ingresos das persoas refírense ao 2023, exceptuando os indicadores de **carencia material e de vivenda que corresponden ao 2024**.

Neste contexto os indicadores de pobreza e desigualdade do informe recollen os resultados do **impacto das políticas sociais impulsadas fronte ás últimas crises**, que están mostrando a súa eficacia na redución das cifras de pobreza, exclusión social e desigualdade.

Como se mostra ao longo deste estudo, en 2024 **prodúcese unha acentuada redución dos principais indicadores** empregados para a medición da pobreza, a exclusión social e a desigualdade.

Así, parece que comeza a superarse a crise do coste da vida provocada polo auxe inflacionario e o aumento dos prezos da enerxía. A mellora dos indicadores é resultado dos efectos positivos das políticas sociais e reflexa a mellora **da calidade de vida que se produciu ese ano**.

Unha das claves para esta redución é ao **aumento das rendas medias en Galicia**, sendo as segundas que máis crecen este ano en todo o territorio español. Do mesmo xeito, este aumento das rendas vai acompañado dunha mellora nos indicadores de desigualdade, situando a Galicia como a comunidade con mellores resultados.

Por outra banda, as pensións por xubilación e supervivencia xogan tamén un papel fundamental na contención da pobreza en Galicia, a pesares de que Galicia presenta un maior porcentaxe de pensións contributivas por debaixo dos limiares de pobreza e pobreza severa, polo que esta mellora xeral non se reflexa na mesma medida entre a poboación maior de 65 anos, cuxos resultados presentan unha maior estabilidade.

Por último, hai que sinalar o mellorable efecto redutor da pobreza que teñen o resto de prestacións públicas, como as de garantía de ingresos e de protección á familia que, en Galicia, chegan nunha menor proporción á poboación do que o fan no conxunto do Estado.

Non obstante, **convén ter cautela**, posto que os resultados seguen mostrando cifras elevadas e permanecen unha serie de problemas estruturais aos que segue sen atoparse solución.

En segundo lugar, cabe destacar o **aspecto positivo do novo aumento da mostra da Enquisa de Condicións de Vida para 2024, como xa se fixo na do 2023**. A mostra incrementouse en 5.127 persoas en todo o estado, ata as 68.771 persoas. En **Galicia, hai unha mostra total de 4.003 persoas**, 405 máis que o ano anterior. Este incremento permite realizar algunhas análises segmentadas tales como as baseadas en idade, sexo, hábitat, discapacidade, vivenda e outros, sempre coa precaución de seren considerados máis ben como tendencias xerais e non como valores absolutos.

Cómpre salientar que este informe segue a tendencia dos anteriores e tenta ser enriquecido con outras fontes de información estatística para axudar a achegarnos a comprender e validar algúns datos, como a facilitada polo [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#), o [Atlas de distribución de renta de los hogares" do INE](#) ou o [Ministerio de Inclusión Social, Seguridade Social e Migracións](#). Neste senso, o uso destas fontes axuda a enriquecer o informe con nova información estatística que permite acercarse moito mais á situación galega.

Non obstante, como xa se mencionou, a maioría da información na que se soporta este informe provén dos datos de Galicia da Enquisa de Condicións de Vida (ECV) do INE. A ampliación do número de enquisas permite cada ano obter un maior detalle e obter novas conclusións relevantes para a mellora das políticas sociais na nosa comunidade.

Pero por esta razón cremos imprescindible a necesidade de **avanzar na calidade e detalle dos datos** para analizar e afondar noutras variables: xénero, idade, familias monoparentais, poboación migrante, niveis de formación, calidade do emprego, etc.

Mais alá do financiamento da ECV do INE para a ampliación do tamaño da mostra. En Galicia debería asegurarse que o Instituto Galego de Estatística amplíe, axilice e mellora esta información e, de xeito compatible e homoxénea, a publicada polo INE, así como continuar co proceso de facilitar a implicación e posibilidades de investigación de expertas e expertos das universidades galegas en colaboración coas entidades do Tercero Sector de Acción Social. Excede por exemplo a capacidade de EAPN e deste informe para afondar na constatación e análise do empobrecemento e vulnerabilización de clases medias en Galicia, un fenómeno identificado pola cidadanía e nas entidades de acción social pero no axeitadamente estudado con criterios estatísticos e sociolóxicos, o que dificulta a implantación de medidas políticas e económicas.

EVOLUCIÓN DA POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL


INDICADOR AROPE

O 18,8% da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2024, é dicir, case 509.000 persoas. En termos comparativos, esta cifra é 6,7 puntos inferior á do ano anterior, o que se traduce en case 180.000 persoas menos en AROPE, o que en termos relativos supón unha redución do 26,2%.

Esta cifra é sete puntos inferior á media nacional e, en liñas xerais, esta redución supera o experimentado en termos estatais, que tivo unha redución de 0,7 puntos.

No 2024, a taxa AROPE reduciuse en 10 comunidades autónomas e creceu en 7. Deste modo, **Galicia é a rexión que máis mellora este indicador** e sitúase como a cuarta comunidade con menor taxa AROPE, por detrás do País Vasco (14,8 %), Baleares (16,2 %) e Navarra (18,3 %).

Esta é tamén a porcentaxe máis baixa dende o 2015 (24,9%) cando se aprobaran os obxectivos de redución de pobreza da Axenda 2030, o que supón unha mellora de 6,1 puntos, é dicir, cerca de 170.000 persoas deixaron de estar en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)


Grazas a esta redución, Galicia acércase a cumprir coa contribución que debe realizar para conseguir os obxectivos marcados pola Axenda 2030. Pese a elo, para axustarse a dito cumprimento, en 2024 a súa taxa AROPE debería ser 1,4 puntos inferior, é dicir, debería haber case 38.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social.

Ao longo dos anos, **Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores.**

Nos últimos informes destacábase que a mellora dos datos correspondíase principalmente co período de medidas contra a pobreza e a exclusión postas en marcha polas diferentes administracións a partires da pandemia. Como se demostrará no apartado de medición e impacto das transferencias sociais e aínda que cunha ralentización nos últimos exercicios, é evidente que detrás desta mellora está o impacto compartido de medidas do goberno central, autonómico e algúns concellos, así como do sobreforzo das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego.

Visto este impacto positivo das medidas implantada e para a redución da taxa AROPE de risco de pobreza ou exclusión social **é imprescindible continuar e non por freo en todas as administracións ás medidas e orzamentos en materia de dereitos e políticas sociais, vivenda ou acceso ao emprego.**

AROE e desviación do obxectivo en Galicia




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por outra banda, se para o cálculo da taxa AROPE se utiliza a **taxa de pobreza obtida co limiar de pobreza rexional de Galicia**, este indicador mostra uns resultados similares aos obtidos a partir do uso do limiar nacional. A diferenza entre ambos cálculos non chega a superar os 1,5 puntos ao longo de toda a serie e, como mostra o seguinte gráfico en 2024 era de medio punto (dun 18,8% a un 19,3%).

Máis adiante detállase a diferenza entre estes dous limiares, pero máis alá do posible efecto estatístico, a evolución deste indicador mostra tamén unha mellora con respecto ao ano anterior (-5,2) e a 2015 (-5,7).

Galicia: AROPE con limiar nacional e rexional



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)


AROPE POR SEXO

Se realizamos unha análise por sexo detectamos que ao longo de toda a serie histórica **a taxa AROPE das mulleres é superior á dos homes.**

No último ano, das 510.000 persoas que estaban en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social, **o 20,0% eran mulleres, é dicir, 281.000 (unhas 103.000 menos que no ano anterior) e o 17,5% eran homes, é dicir, uns 228.000 (cuns 77.000 homes menos nesta situación en comparación cos datos do ano anterior)**

A taxa AROPE reduciuse tanto entre os homes (-6,0 puntos) como especialmente entre as mulleres (-7,4 puntos). Con estas variacións, **a fenda de xénero redúcese situándose en 2,5 puntos**, unha taxa bastante inferior aos 3,9 puntos do ano anterior. Os valores porcentuais e absolutos poden consultarse na táboa posterior.

Galicia: AROPE por sexo



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

En edicións anteriores deste informe como en investigacións de EAPN - ES⁵ xa se sinalaron as carencias que a ECV ten para medir as desigualdades entre mulleres e homes.

Esta feminización da pobreza é seguramente superior, posto que **a Enquisa de Condicións de Vida non é axeitada para establecer diferenzas por sexo** pois asigna a mesma situación de pobreza e vulnerabilidade a todos os membros de cada fogar. **As diferenzas medidas por sexo só se producen a causa da diferente situación dos fogares compostos maioritariamente por mulleres**, tales como os monoparentais (cunha taxa AROPE no conxunto do estado do 50,3 %)⁶ ou os das mulleres maiores soas.

O feito de que a diferenzas reais non queden reflectidas nestes datos é consecuencia, entón, dun deseño metodolóxico con obxectivos específicos e non significa que non existan, tal como demostra, por exemplo, a análise das diferenzas de xénero segundo outras fontes como a EPA (Encuesta de Población Activa) ou os datos da TGSS (Tesorería General de la Seguridad Social).

Galicia: poboación AROPE por sexo										
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Pob. total (miles)	2.732	2.719	2.708	2.703	2.700	2.703	2.698	2.693	2.699	2.706
Homes	1.320	1.313	1.307	1.304	1.301	1.302	1.299	1.297	1.299	1.302
Mulleres	1.412	1.406	1.401	1.399	1.399	1.401	1.399	1.396	1.400	1.404
% AROPE	24,9%	25,3%	23,0%	24,1%	24,2%	25,3%	25,2%	23,6%	25,5%	18,8%
% Homes	24,3%	24,8%	20,8%	22,5%	24,1%	24,9%	24,0%	22,2%	23,5%	17,5%
% Mulleres	25,5%	25,9%	25,0%	25,7%	24,4%	25,6%	26,3%	25,0%	27,4%	20,0%
AROE (miles)	681	689	622	653	655	683	679	637	689	509
Homes	321	326	273	293	314	324	312	288	305	228
Mulleres	360	363	350	359	341	359	367	349	384	281

Nota: destácase en negriña o valor máis alto da serie.

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV e INE

Un dos factores que explican a baixada na taxa AROPE xeral é o descenso da taxa feminina de pobreza e a redución da fenda de xénero. Algúns dos factores da redución destes indicadores están na mellora da renda media e tamén na mellora nas pensións (unha cuestión que detallaremos máis adiante) que axudan a conter a pobreza, pero tamén **no incremento do emprego feminino das mulleres así como o seu salario medio.**

⁵ No informe "[Feminización de la pobreza](#)" realizado por EAPN-ES (2024) sinálanse as carencias do aparato estatístico para medir a fenda de xénero e que, por tanto, parte do problema é a falta dun diagnóstico atravesado por unha perspectiva de xénero interseccional.

⁶ 'Estado de la pobreza en España 2025 EAPN-ES:

<https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/XV%20Informe%20EL%20ESTADO%20DE%20LA%20POBREZA-%202025%20general.pdf>

Segundo os datos de Afiliación á Seguridade Social que proporciona o IGE, en Galicia **do 2023 ao 2024 incrementouse o emprego feminino nun 2%**, batendo o récord de afiliacións á seguridade social en 2024, con 527.768 mulleres ocupadas⁷.

A **Enquisa Anual de Estrutura Salarial** do INE, sinala que o salario medio das mulleres encadea 11 anos de subida en Galicia dende o 2013, cando o salario medio para as mulleres era de 16.727,15 € ata o 2023, onde o salario medio alcanzou os 23.153,78 €. Ademais, **nos últimos anos foise reducindo a fenda salarial ata alcanzar mínimos históricos 4.326,1 €**, o que se explica por un aumento do salario medio das mulleres do 34,2% mentres que o dos homes foi do 22% dende o 2013.⁸

AROE POR IDADE

Respecto á taxa AROPE por idade, todos os grupos melloran con respecto ao último ano e equiparan as súas taxas, que quedan comprendidas entre o valor mínimo de 17,5% de nenos, nenas e adolescentes (NNA), seguido do grupo de 18 a 29 anos (18,8%), o de maiores de 65 anos (18,9%) e o máximo de 19,2% das persoas de 30 a 64 anos.⁹

Isto supón unha notable mellora con respecto aos valores do ano anterior, principalmente **na pobreza infantil, que baixa 10,7 puntos con respecto ao 2024, a cifra máis baixa de toda a serie histórica.**¹⁰

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) no seu informe de [análise da Enquisa de Condicións de Vida](#), fai unha comparativa das taxas de pobreza entre as distintas Comunidades Autónomas, resalta que Galicia ten o dato de pobreza e/ou exclusión social máis baixo de España. En total, en Galicia hai 58.000 nenas, nenos e adolescentes en situación de AROPE. Destaca tamén que Galicia logrou reducir en 5,3 puntos a pobreza extrema na infancia, chegando ao 5%, sendo o dato máis baixo de todo o estado.

⁷ Afiliacións á Seguridade Social. IGE:


[https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204033001&ruta=verTabla.jsp?COD=1588&R=9912\[n0\];1\[6\];2\[0\];3\[0:1:2\]&C=0\[2024:2023:2022:2021:2015:2008\]&OP=1](https://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?c=0204033001&ruta=verTabla.jsp?COD=1588&R=9912[n0];1[6];2[0];3[0:1:2]&C=0[2024:2023:2022:2021:2015:2008]&OP=1)

⁸ INE: https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=28191#_tabs-grafico

⁹ Este ano, con respecto ao ano pasado, introducimos dous grupos de idade. Onde antes estaba so o de 18 a 64 anos agora temos o grupo de 18 a 29 anos e o de 30 a 64 anos.

¹⁰ O informe [Análisis de la Encuesta de Condiciones de Vida con enfoque de infancia 2025](#) da Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia (POIG) realiza unha análise detallada da pobreza infantil en Galicia.

Galicia: AROPE por idade



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Ás veces, **o grupo de persoas maiores adoita manter uns datos e unha evolución diferentes** ás do resto dos grupos de idade, causada fundamentalmente polos seus ingresos fixos e, en gran parte, independentes da conxuntura económica.

Neste caso, o grupo de idade de 65 anos e máis é o que menos mellora a súa taxa AROPE, posto que está influenciado en parte, por un efecto estatístico. Este grupo de idade ten uns ingresos fixos e pouco fluctuantes polo que ao aumentar o limiar da pobreza pode ocorrer que aumenten a súa taxa AROPE ou que se vexan menos influenciados pola redución deste indicador e os seus compoñentes..

ARPE POR GRUPOS SOCIAIS

A continuación, móstrase unha táboa na que se analiza a taxa de pobreza en distintos grupos sociais. En anteriores informes, xa viñamos falando da pobreza segundo o tipo de hábitat (urbano ou rural) e segundo a presenza de menores ou non no fogar. Este ano, introdúcese unha serie de novidades, que aínda que xa se incluían no Informe sobre o Estado da Pobreza 2025 de EAPN - ES, no informe galego non se incluía porque o tamaño da mostra non permitía ata agora ter estes datos a nivel autonómico. Os novos datos que se inclúen son o AROPE e os seus compoñentes segundo a tenza da vivenda, a situación laboral e para as persoas con e sen discapacidade.

A taxa AROPE, diminuíu en todos os grupos sociais que se mostran na seguinte táboa, e que iremos comentando de seguido.

AROE (%)										
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL	24,9	25,3	23,0	24,1	24,2	25,3	25,2	23,6	25,5	18,8
Segundo presenza de menores econ. dep.										
Con menores	25,2	26,5	24,2	19,4	24,2	28,2	30,3	24,4	27,1	15,7
Sen menores	24,7	24,4	21,9	28,1	24,3	22,9	21,0	22,9	24,3	21,0
Segundo tipo de hábitat										
Urbano	24,3	24,2	19,4	20,3	22,4	23,0	25,0	23,4	25,0	18,2
Rural	25,8	27,1	28,8	30,0	26,9	28,6	25,5	24,2	26,7	20,5
Segundo tenza da vivenda										
Propiedade	22,5	22,6	18,5	20,1	19,4	21,2	21,3	18,8	21,0	14,8
Alugueiro (prezo de mercado)	33,9	39,9	35,6	29,4	44,8	36,1	49,1	47,8	48,8	36,1
Segundo situación laboral (pob. ≥16 anos)										
Con emprego	16,8	15,7	12,3	12,6	14,1	13,9	16,0	14,5	17,6	11,4
En desemprego	49,2	56,0	56,6	50,0	57,3	44,7	49,5	56,9	55,4	48,3
Xubilados/as	13,1	13,5	14,9	20,6	17,6	22,2	15,2	19,1	20,3	16,7
Outra inactividade	36,8	39,6	37,8	41,7	40,8	41,6	41,0	39,5	39,4	29,7
Discapacidade (pob. ≥16 anos)										
Sen discapacidade	24,7	23,0	20,5	20,4	20,3	22,5	21,7	20,9	23,1	15,8
Con discapacidade	25,0	31,5	28,4	37,1	36,1	31,8	29,9	29,7	30,1	28,7

Valor máis alto/ máis baixo do ano

Fonte: Elaboración de EAPN-ES a partir de datos da ECV (INE)

Como pode observarse, no 2024, entre estes grupos, **a taxa AROPE en Galicia é a máis elevada entre aquelas persoas que viven en fogares sen menores economicamente dependentes¹¹ (21%)**. Os fogares sen menores no fogar viñan experimentando unha taxa de pobreza máis baixa que a dos fogares con menores. Non obstante, esta tendencia mudou, e en 2024, **os fogares con menores experimentan unha taxa de pobreza do 15,7%, sendo a máis baixa de toda a serie histórica, cunha caída de 11,4 puntos con respecto ao ano anterior** e moi por debaixo da taxa dos fogares sen menores.

Esta tendencia, vai da man coa redución da AROPE en menores de 18 anos, o que demostra que é froito das medidas aplicadas polas administracións pública en materia de familia e infancia.

Respecto á comparación por hábitat ¹², ao longo de toda a serie histórica, como sucede tamén en 2023, **detéctase unha maior incidencia do indicador AROPE nas zonas**

¹¹ O grupo de menores dependentes economicamente, ademais da poboación menor de idade, inclúe a persoas entre 18 e 24 anos que viven con polo menos un dos seus pais e son economicamente inactivas.

¹² Utilízase a variable "Grao de urbanización" da ECV. A variable designa o grao de urbanización da zona á que pertence o fogar da persoa enquisada segundo tres niveis diferentes:

1) Área densamente poboada: polo menos o 50% da poboación vive en celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 1.500 persoas por km² e un mínimo de 50.000 habitantes.

rurais (20,5%)¹³ que nas urbanas (18,2%). A pesares de que a taxa AROPE baixou considerablemente en ambas contornas, esta redución é lixeiramente maior nas zonas urbanas (- 6,8 puntos) que nas urbanas (- 6,2 puntos).

A taxa AROPE é moi **superior tamén entre os fogares que viven de alugueiro (36,1%) fronte aos que teñen a vivenda en propiedade (14,1%).** Esta é unha tendencia que se repite ao longo de toda a serie histórica e que, a pesares de que experimentou unha notable redución con respecto ao ano anterior (48,8%), continúa a ter valores moi elevados. O que indica, como xa desenvolveremos máis adiante, que a **vivenda sigue sendo un factor de empobrecemento** para a poboación, principalmente para aquela que vive de alugueiro.

Por outra banda, **as persoas en desemprego presentan unha taxa AROPE do 48,3% fronte ás persoas con emprego cuxa taxa é do 11,4%.** Estes datos reforzan a idea que vimos transmitindo dende as entidades do Tercero Sector: o emprego, por si so, non é unha garantía para saír da pobreza, se ben é un factor moi importante.

Constátase, por primeira vez dende a perspectiva galega, que a **discapacidade é un factor determinante para estar en risco de pobreza e exclusión social.** Así, **as persoas que teñen algunha discapacidade teñen unha AROPE do 28,7%** (-1,5 puntos con respecto ao ano pasado), fronte ás persoas sen discapacidade cunha taxa AROPE de 15,8% (-7,2 puntos menos que o ano anterior).

AROPE POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

O valor da taxa AROPE varía entre as diferentes autónomas nun intervalo que vai dende o 4,8% no País Vasco ata o 35,6% de Andalucía.

Galicia rexistra a cuarta posición na taxa de pobreza sobre o conxunto de comunidades autónomas, e mellora a súa distancia coa media nacional. Se comparamos os datos co ano anterior

A maioría das Comunidades Autónomas viron diminuída a súa taxa AROPE pero non todas o fixeron na mesma medida, aínda que **Galicia é a Comunidade na que máis se reduciu (6,7 puntos menos** respecto do valor do ano anterior, do 25,5% ao 18,8%.) seguida por Illes Baleares, con -4,4 puntos e Asturias (con -4,1 puntos).

2) Área de densidade intermedia: grupos de celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 300 persoas por km² e unha poboación mínima de 5.000 habitantes.

3) Área escasamente poboada: máis do 50% da poboación vive en celas de cuadrícula rurais, fora dos grupos urbanos.

¹³ Para elo, utilízase a variable "Grao de urbanización" que designa a zona á que pertence o fogar da persoa enquisada segundo tres niveis diferentes:

1) Área densamente poboada: polo menos o 50% da poboación vive en celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 1.500 persoas por km² e un mínimo de 50.000 habitantes.

2) Área de densidade intermedia: grupos de celas de cuadrícula contiguas de 1 km² cunha densidade igual ou superior a 300 persoas por km² e unha poboación mínima de 5.000 habitantes.


3) Área escasamente poboada: máis do 50% da poboación vive en celas de cuadrícula rurais, fora dos grupos urbanos. Considéranse zonas urbanas aquelas que se corresponden con áreas densamente poboadas e de densidade intermedia (graos 1 e 2) e zonas rurais ao resto (grao 3).

Pola contra, é salientable o **aumento da taxa AROPE en comunidades como Madrid, Castela e León, Murcia ou Castela a Mancha**, con niveis de implicación política e orzamentaria moi diferentes ás de comunidades como a galega.

Deste xeito, son seis as rexións que se sitúan por riba da media nacional (25,8%): Andalucía, Castela - A Mancha, Extremadura, Murcia e a Comunidade Valenciana. Deste modo, evidenciase a división de España en dúas metades con moi diferentes realidades de vida: as comunidades que se atopan de Madrid ao norte conservan baixas taxas de pobreza e/ou exclusión social -entre 1,8 e 11,0 puntos porcentuais por debaixo da media nacional - e, aquelas situadas ao sur que, ao contrario que as primeiras, manteñen taxas máis elevadas - entre 4,1 e 9,8 puntos porcentuais por encima da media nacional -.

En termos absolutos, 12,5 millóns de persoas permanecen en toda España están en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2024, o que supón un descenso de case 200.000 persoas dende o 2023.¹⁴

Comparativa indicador AROPE (Ax.2030) entre CCAA 2023-2024



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

¹⁴ Informe AROPE 2024 de EAPN-ES: <https://tinyurl.com/2b8puf6l>

COMPOÑENTES DA TAXA AROPE

A taxa AROPE é un indicador composto pola suma de tres subindicadores que representan a tres conxuntos da poboación: persoas en risco de pobreza, persoas con carencia material e social severa (CSMM) e persoas en fogares con baixa intensidade no emprego no fogar (BITH). A cada un deles dedícaselles un apartado específico neste capítulo.

Galicia é a rexión que máis mellorou a súa taxa AROPE en 2024, debido a que os seus tres compoñentes melloran este ano: **trátase da rexión que máis reduce as súas taxas de pobreza (cae 5,2 puntos) e de carencia materia e social severa (-3,4 puntos)**, a súa vez, o número de persoas que vive en fogares con baixa intensidade no emprego diminúe levemente (-0,4 puntos).

GALICIA				
	2008	2015	2023	2024
AROPE		24,9%	25,5%	18,8%
AROPE (UE2020)	25,1%	25,7%	26,0%	18,7%
Taxa de pobreza	20,9%	19,4%	19,4%	14,2%
T. Pobreza (limiar rexional)	14,8%	19,6%	17,9%	14,8%
Pobreza severa	6,0%	6,7%	7,0%	5,9%
CMSS		3,9%	8,2%	4,8%
CMS (UE2020)	3,0%	4,2%	7,3%	4,9%
BITH		13,7%	7,5%	7,1%
BITH (UE2020)	7,6%	13,8%	7,3%	6,4%
Renda media por persoa	9.482 €	10.212 €	13.147 €	14.558 €
Índice de Gini	29,4	31,5	27,4	26,8
S80/S20	4,6	5,4	4,4	4,2
S90/S10	7,5	9,8	7,1	7,2
Taxa de desemprego	8,6	19,3	9,7	9,4
PIB per capita	21.107 €	20.934 €	28.599 €	30.105 €


Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

RISCO DE POBREZA

Igual que sucede coa taxa AROPE, en 2024 Galicia é a rexión que máis reduce a súa taxa de pobreza. Así, este ano **un 14,2% da poboación está en pobreza, o que se traducen nunhas 384.000 persoas**, e supón 5,5 puntos menos que o medido a nivel nacional (19,7%). **Respecto ao ano pasado** a taxa de pobreza cae 5,2 puntos, é dicir, **cerca de 140.000 persoas menos teñen ingresos por debaixo do limiar da pobreza**.

A taxa de pobreza en Galicia, mellora tamén ao compararse co valor medido en 2015 (19,4%, é dicir, para 2024 caeu 5,2 puntos, o que supón unhas 147.000 persoas menos


en pobreza); e antes da Gran Recesión, en 2008 (20,9%; -6,7 puntos, é dicir, máis de 190.000 persoas saíron da pobreza dende entón.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Pobreza e sexo

Por sexo, ao longo da serie histórica, podemos ver que **a taxa de pobreza entre as mulleres é normalmente superior á dos homes, algo que se repite en 2024 pero con reducións significativas en ambos sexos**. A redución da taxa de pobreza en puntos porcentuais é similar entre homes e mulleres, polo que **a fenda de xénero non mellora**, a taxa de pobreza das mulleres é do 15,4%, é dicir, dos puntos porcentuais superior á dos homes cun 12,9%.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

En total, en Galicia hai **unhas 216.000 mulleres en pobreza**, é dicir, unhas 72.000 menos que no 2024 e, uns 168.000 homes, uns 67.000 menos que o anterior. As cifras de pobreza feminina e masculina son as máis baixas de toda a serie histórica, o que indica avances positivos, aínda que desiguais.

Galicia: poboación en POBREZA por sexo

	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Pob. total (miles)	2.755	2.732	2.719	2.708	2.703	2.700	2.703	2.698	2.693	2.699	2.706
Homes	1.329	1.320	1.313	1.307	1.304	1.301	1.302	1.299	1.297	1.299	1.302
Mulleres	1.426	1.412	1.406	1.401	1.399	1.399	1.401	1.399	1.396	1.400	1.404
Taxa de pobreza	20,9%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%	22,1%	20,2%	18,0%	19,4%	14,2%
% Homes	19,5%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%	21,8%	19,5%	17,3%	18,1%	12,9%
% Mulleres	22,1%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%	22,3%	20,9%	18,7%	20,6%	15,4%
T. Pobreza (miles)	575	531	517	507	509	541	597	545	486	523	384
Homes	259	254	251	220	245	261	284	253	224	235	168
Mulleres	316	277	266	287	264	280	313	293	262	288	216


Nota: destácase en negra o valor máis alto da serie.

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Pobreza e idade

A taxa de pobreza redúcese en todos os grupos de idade. O **dato máis baixo corresponde ás persoas de 30 a 64 anos (12,5%)** e o **máis elevado rexístrao a poboación maior de 65 anos (17,9%)**, seguido do grupo de mozos e mozas (13,9%) e de nenos, nenas e adolescentes (13,5%), rexistrando a taxa de pobreza máis baixa de todas as comunidades autónomas.

Galicia: Taxa de pobreza por idade



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

No caso das persoas maiores, tras analizar os datos, hai que matizar que o comportamento da taxa de pobreza é algo diferente. Como se explicou en informes anteriores, os seus ingresos están fortemente determinados polo importe da pensión que reciben, que é relativamente constante e, por tanto, a súa taxa de pobreza específica é máis dependente das modificacións do limiar que dos seus propios ingresos, o que pode explicar que, no 2024, sexan o grupo de idade con maior taxa de pobreza.

Especialmente vulnerable, son os mozos e mozas galegos, que pese a experimentar unha considerable mellora están expostos a maior precariedade no mercado laboral e vense afectados pola subida do prezo dos alugueiros, o que condiciona a súa independencia e limita o seu proxecto vital.

Pobreza por grupos sociais

TAXA DE POBREZA (%)											
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL	20,9	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1	20,2	18,0	19,4	14,2
Segundo presenza de menores economicamente dependentes											
Con menores	20,9	22,2	23,3	23,3	16,5	22,5	26,6	24,8	19,9	20,6	11,8
Sen menores	20,9	17,3	15,6	15,0	20,8	18,0	18,5	16,5	16,4	18,5	15,8
Segundo tipo de hábitat											
Urbano	19,2	18,0	16,7	15,6	15,2	17,7	20,1	19,4	17,1	18,2	13,6
Rural	24,2	21,6	22,8	23,8	24,4	23,4	25,1	22,4	20,5	22,4	15,8
Segundo tenza da vivenda											
Propiedade	19,4	17,3	16,5	13,8	15,2	14,9	17,7	17,0	14,0	16,4	10,9
Alugueiro (prezo de mercado)	22,2	25,0	31,9	34,3	23,6	42,5	33,4	40,5	36,6	32,1	28,5
Segundo situación laboral (pob. ≥16 anos)											
Con emprego	13,9	14,9	12,2	11,3	11,2	12,8	13,0	13,5	11,0	12,3	8,1
En desemprego	24,9	33,4	38,7	38,2	35,8	41,1	35,4	34,3	39,6	37,1	33,1
Xubilados/as	21,6	12,5	13,0	13,9	17,0	15,5	20,5	14,5	16,0	19,0	16,0
Outra inactividade	31,4	23,8	24,8	26,1	28,6	30,2	33,4	31,3	28,8	30,7	20,9
Discapacidade (pob. ≥16 anos)											
Sen discapacidade	18,4	19,7	17,0	16,8	16,5	17,2	20,0	17,7	15,8	17,6	12,0
Con discapacidade	25,8	17,1	22,3	19,8	25,9	26,5	25,3	23,5	22,1	23,1	21,4

Valor *máis alto/ máis baixo* do ano

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Igual que ocorre no indicador AROPE, **as taxas de pobreza rexistran uns valores máis elevados entre as persoas que viven en fogares sen menores economicamente dependentes (15,8%)**. Neste caso, por primeira vez, na serie histórica este tipo de fogares teñen taxas de pobreza superiores aos fogares con menores economicamente dependentes (11,8%).

Aquelas que **viven en zonas rurais (15,8%)**, rexistran como é habitual taxas de pobreza superiores ás que o fan en zonas urbanas (13,6%).


As que viven de alugueiro (28,5%) teñen taxas moito máis elevadas que as que teñen a vivenda en propiedade (10,9%). Existe unha gran fenda entre un grupo de poboación e o outro, pois as persoas que viven de alugueiro teñen unha taxa de pobreza 17,6 puntos superior.

As persoas que **están en desemprego (33,1%)** rexistran tamén taxas de pobreza moi superiores ás que están empregadas (8,1%) e ás xubiladas (16,0%). O emprego por si só non garante a saída da pobreza, pero si que é un factor moi importante. Estes datos levan tamén a reflexionar sobre a situación das persoas en situación de desemprego e a artellar sistemas de garantía de ingresos para saír da pobreza.

Por último, as persoas que teñen unha discapacidade teñen taxas de pobreza moi superiores ás que non a teñen, un **21,4% de persoas con discapacidade está en pobreza fronte a un 12,0% daquelas que non teñen ningunha discapacidade**. Reiteramos, polo tanto, a necesidade de reforzar as políticas públicas e sistemas de protección social ás persoas con discapacidade. A discapacidade non debería ser un factor de empobrecemento.

Pobreza severa

Galicia: Pobreza e pobeza severa (2024)




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

nenos ou nenas **foi do 5,9%, case 160.000 persoas, unhas 29.000 menos que o ano anterior - 1,1 puntos menos que no 2023.**

No 2024 a taxa de pobreza severa en Galicia, medida cun limiar do 40% da mediana da renda nacional, isto é, a porcentaxe de persoas que viven en fogares cun ingreso máximo de 644 € mensuais nun fogar dunha persoa e de 1.351 €, no de 2 adultos e dous

Taxa de pobreza severa




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Respecto ao ano anterior, mentres que a nivel xeral a taxa de pobreza severa practicamente non variou, en Galicia reduciuse ata o 5,9%. Este valor está 2,5 puntos por debaixo do dato nacional e segue sendo o mellor dos rexistrados en 2015 (6,7%) e en 2008 (6,0%), antes da Gran Recesión.

A redución da pobreza severa traduce o efecto de medidas como o IMV o mantemento das axudas de garantía de ingresos a nivel autonómico (RISGA).

En 2024, a mencionada **mellora da taxa de pobreza severa en Galicia, concéntrase en maior medida entre os homes**, cuxo valor (6,2%), cae 0,3 puntos respecto ao 2023 e, sitúase por riba da rexistrada polas mulleres (5,6%), entre as que se reduce 1,8 puntos. A taxa de pobreza severa é, ao contrario do que adoita suceder, máis elevada para os homes que para as mulleres.

Galicia: Taxa de pobreza severa por sexo




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Non obstante, compre tomar estes datos con moita cautela posto que esta enquisa, como xa explicamos con anterioridade non permite medir na súa totalidade a taxa de pobreza feminina.

A análise da pobreza severa segundo a idade mostra que o segmento dos menores de idade rexistra a taxa máis baixa (5,0%) e tamén a maior caída da taxa de pobreza, este indicador diminúe 5,3 puntos con respecto ao ano anterior. Seguidamente, o grupo de idade de 18 a 29 anos, rexistra tamén unha caída de 2,1 puntos, ata chegar ao 5,1%.

Galicia: Taxa de pobreza severa por idade



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Para o resto de poboación permanece estable: entre as persoas de 65 anos e máis é de 6,9% (apenas dúas décimas menos) e entre as de 30 a 64 anos, do 5,7%, cun descenso de 0,3 puntos

Os grupos de poboación entre os que se rexistran uns maiores valores de pobreza severa, seguen a tendencia do indicador AROPE e os seus compoñentes.

Os fogares que **viven sen menores no fogar (7,8%), son os que rexistran taxas máis altas de pobreza severa**, fronte aos que viven con menores (3,2%). A diferenza é de 4,6 puntos entre ambos grupos, e no 2024, revértese a tendencia que viña arrastrándose dende o 2020, anos nos que os fogares con menores tiñan taxas de pobreza máis elevadas.

Por outra banda, as **zonas rurais rexistran, como ven sendo habitual, taxas de pobreza severa máis elevadas (6,2%)** fronte ás zonas urbanas (5,8%), unha tendencia que se mantén entre case toda a serie histórica, aínda que hai que destacar que esta fenda reduciuse no último ano, rexistrando unha diferenza de tan so 6,4 puntos.

TASA DE POBREZA SEVERA (%)											
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL	6,0	6,7	7,9	10,4	7,5	7,9	9,4	8,8	6,8	7,0	5,9
Segundo presenza de menores econ. dep.											
Con menores	5,5	6,7	9,3	12,6	5,5	7,4	10,9	11,8	7,5	8,3	3,2
Sen menores	6,5	6,8	6,7	8,6	9,2	8,3	8,2	6,4	6,1	6,0	7,8
Segundo tipo de hábitat											
Urbano	5,2	6,9	6,4	8,9	6,9	8,8	8,9	8,4	6,3	6,6	5,8
Rural	7,6	6,4	10,2	12,9	8,5	6,5	10,1	10,1	8,0	7,9	6,2
Segundo tenza da vivenda											
Propiedade	5,4	4,7	6,6	6,7	6,4	5,4	7,8	6,3	4,3	5,1	4,4
Alugueiro (prezo de mercado)	10,8	11,0	15,2	18,4	9,2	26,2	18,7	21,7	18,2	16,6	11,8
Segundo situación laboral (pob. ≥16 anos)											
Con emprego	3,6	5,7	4,2	5,1	2,4	4,2	5,4	5,9	4,0	4,6	3,3
En desemprego	7,6	14,9	17,1	24,5	12,7	21,0	17,5	18,9	18,5	15,2	20,9
Xubilados/as	6,1	2,5	5,3	7,5	8,4	6,4	8,6	4,4	5,6	6,1	7,2
Outra inactividade	10,2	6,4	11,1	15,0	14,3	11,9	13,1	13,8	9,8	9,3	5,8
Discapacidade (pob. ≥16 anos)											
Sen discapacidade	5,0	7,4	7,0	8,8	5,7	6,5	7,8	7,3	5,9	6,1	5,2
Con discapacidade	8,5	4,7	9,2	12,1	12,6	11,4	12,5	11,0	8,0	8,0	7,8

Valor *máis alto*/ *máis baixo* do ano

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Vivir de alugueiro é tamén un factor de empobrecemento, **as persoas cuxa tenza da vivenda é o alugueiro, rexistran unha taxa de pobreza severa do 11,8%**, fronte a aquelas que teñen a vivenda en propiedade, cunha taxa do 4,4%. Pese a redución deste indicador nos dous grupos sociais, a fenda entre ambos segue a ser moi elevada, de 7,4 puntos porcentuais.

Segundo a situación laboral, obsérvase que a maior taxa de pobreza severa está entre as persoas que están en desemprego (20,9%). Non obstante, é especialmente preocupante que **un 3,3% da poboación estea en pobreza severa a pesares de ter emprego**. O grupo social de xubilados e xubiladas ten a segunda taxa máis alta de pobreza severa, segundo a situación laboral, con 7,2%.

Neste punto, cabe destacar que o **20,3% do total de pensións está por debaixo do limiar da pobreza severa** (renda inferior a 644€ en 2024) e a cifra alcanza un 42,4% no caso das prestacións por viuvez, unha cifra superior á do 2023, cando un 36,6% das pensións de viuvez estaban por debaixo do limiar da pobreza severa.


Por último, é unha vez máis **a poboación con discapacidade a que rexistra taxas de pobreza severa máis elevadas (7,8%)** fronte a poboación sen discapacidade (5,2%). A pesares de que ambos grupos rexistran un descenso na taxa de pobreza severa, **a fenda entre eles incrementase**, pasando dunha diferenza de 1,9 puntos no 2023, a unha de 2,6 puntos no 2024.

BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 64 anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas) do seu potencial total de emprego. Os fogares compostos so por nenos, estudantes ou menores de 25 anos e/ou persoas de 65 anos ou máis están excluídos deste indicador).¹⁵

No 2024, o 7,1% da poboación menor de 65 anos residente en Galicia vivía en fogares con baixa intensidade no emprego, o que se traduce nunhas 141.000 persoas, 9.000 menos que no 2023.

Respecto ao ano pasado este indicador experimenta un leve descenso de 0,4 puntos, co que Galicia encadea tres anos seguidos de mellora neste aspecto e **sitúa a este indicador no seu mínimo histórico** e continúa a manterse un ano máis por debaixo do valor nacional (8,0%).



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

¹⁵ É evidente que para o caso español hai razóns para que esta definición provoque algunhas incongruencias. Entre elas, pode destacarse que quedan fora do indicador grupos importantes de persoas que teñen en común as súas altas taxas de desemprego ou de traballo a tempo parcial. Por exemplo, as persoas entre 16 e 17 anos que non estudan -e que en España poden traballar-; aquelas persoas mozas que desexan compatibilizar estudos e traballo e os adultos de 65 anos ou máis que non concluíron o seu período laboral. A consecuencia, entón, é que para España este indicador non contabiliza a todas estas persoas e, polo tanto, o seu valor anual debe considerarse como un mínimo por altas probabilidades de estar por debaixo da cifra real.

Este descenso súmase á continuidade nun período ininterrompido dende o 2022. Dende o 2015, a este indicador descendeu 6,6 puntos, é dicir, reduciuse case a metade. Mentres que coa taxa BITH calculada entre 0 e 59 anos, a porcentaxe sitúase 1,2 puntos por debaixo da que rexistrou en 2008.

Este é o compoñente do indicador AROPE que menos baixa, pero que mostra que **se** continúa a crear emprego. Non obstante, conséntase unha vez mais que **o emprego por si so non está a ser a solución para saír da pobreza.**


De feito, tal e como se detalla noutros apartados do informe o **8,1% da poboación que ten emprego está en pobreza e o 3,3% en pobreza severa.**

Para aquelas persoas en pobreza ou exclusión social que poden traballar (un terzo non poden e non ten senso ningunha obriga de facelo e dende logo ningunha culpabilización ou aporofobia por este motivo) **o emprego é unha condición necesaria pero nunca suficiente. Se este non é digno e de calidade e non vai unido a outras medidas de política social e de garantías de acceso á vivenda digna**, non é suficiente para saír da pobreza.

Por último, hai que ter en conta, a estreita relación entre nivel formativo e os postos de traballo aos que se teñen acceso, pois a educación sigue xogando un importante papel no acceso a postos de traballo cunhas condicións óptimas.¹⁶

Se analizamos **a taxa BITH por sexo no 2024, continuou a reducirse o indicador sobre todo, entre as homes, que pasou dun 7,4% en 2023 a un 6,7% en 2024.** Este descenso foi moito maior que no caso das mulleres, para as que este indicador se mantén estable, pasando dun 7,6% en 2023 a un 7,5% en 2024.

Galicia: BITH por sexo



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

¹⁶ Para máis información consultar o informe o XIV Informe El Estado de la Pobreza de EAPN-ES: https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2024_completo.pdf

Con estes datos, **a taxa BITH das mulleres segue a ser máis alta que a dos homes e, ao contrario do que ocorre noutros indicadores, non se reduce a fenda de xénero, se non que se incrementa a 0,8 puntos o que en termos absolutos.** En termos absolutos, das 140.000 persoas que se atopan en BITH, 74.000 son mulleres – 2.000 menos que o ano anterior- e 66.000 son homes – 8.000 menos que o ano anterior.

Galicia: poboación en BITH por sexo										
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Pob. 0-64 (miles)	2.078	2.058	2.043	2.031	2.020	2.015	2.004	1.990	1.990	1.986
Homes	1.043	1.032	1.024	1.017	1.011	1.008	1.002	995	994	992
Mulleres	1.035	1.026	1.019	1.014	1.009	1.007	1.002	995	996	994
% BITH	13,7%	13,3%	11,8%	11,0%	11,9%	8,7%	10,2%	9,5%	7,5%	7,1%
% Homes	13,7%	12,5%	11,6%	10,5%	12,3%	9,4%	9,5%	8,3%	7,4%	6,7%
% Mulleres	13,7%	14,1%	12,0%	11,5%	11,4%	8,0%	10,8%	10,6%	7,6%	7,5%
BITH (miles)	284	274	241	224	239	175	204	188	150	141
Homes	143	129	119	107	124	95	96	82	74	66
Mulleres	141	145	122	117	115	81	108	106	76	74

Nota: destácase en negriña o valor máis alto da serie.

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

A taxa BITH das mulleres estáncase, o que non influíu na considerable redución da taxa de pobreza feminina. A pesares dun incremento das taxas de emprego, a taxa BITH das mulleres estáncase. Hai que ter en conta que as mulleres traballan en maiores condicións de precariedade laboral. De feito, segundo o 'XIV Informe El Estado de la Pobreza' de EAPN-ES as **mulleres en España traballan en condicións de maior precariedade que os homes** e soportan unha maior proporción de persoas con xornada a tempo parcial (21,1 % vs 6,6 %)¹⁷. Todo isto determina ingresos máis baixos entre as mulleres en salarios e pensións.

¹⁷O último dato de ocupados por tipo de xornada e sexo da enquisa de Actividad económica, ocupación e paro do INE, é do 2023: <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4235>

CARENCIA MATERIAL E SOCIAL SEVERA (CMSS)

Como se explicou na introdución deste informe, coa finalidade de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, o antigo indicador de Privación Material Severa (PMS) modifica dende o 2022 a súa metodoloxía de construción e pasa a denominarse **Carencia ou Privación Material e Social Severa (PMSS)**.

A CMSS inclúe a aquelas **persoas que viven en fogares que non poden afrontar sete ou máis conceptos ou elementos de consumo dun total de 13** considerados básicos no territorio UE.

É un indicador de vulnerabilidade grave e cada un dos conceptos medidos é indispensable para a participación na sociedade europea. Ademais, é moi importante mostrar que non é o mesmo estar en carencia material social e severa que en risco de pobreza, aínda que en algúns casos ambas coincidan nunha mesma persoa.

Os cambios resúmense en dúas cuestións principais: por unha banda, elimináronse algúns dos seus compoñentes e agregáronse outros novos ata completar 13 elementos de carencia e, por outra, o limiar para que unha persoa se considere en PMSS incrementouse dende a incapacidade para consumir 4 de 9 elementos anteriores, **a 7 dos 13 actuais**.

Con respecto ao indicador anterior elimínanse os elementos que miden a capacidade de dispoñer dun teléfono, un televisor ou unha lavadora, que en caso de España rexistraban valores moi próximos a cero en todo o territorio nacional e non tiñan capacidade de discriminar.


Polo outro, **incorpóranse novos elementos que conforman a carencia material e social severa**. Aos elementos antigos, agrégase, a escala fogar, o concepto “Non pode substituír mobles estragados ou vellos” e a nivel persoal agréganse os seguintes conceptos:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova
- Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo.
- Non pode permitirse conexión a internet.

Non obstante, hai que ter en conta que os datos da CMSS son de 2024 mentres que os datos da renda mediante cos cales se calcula a taxa de pobreza e outros indicadores

corresponden ao 2023, é dicir, a CMSS e a taxa de pobreza miden momentos distintos e tamén problemas diferentes.¹⁸

CMSS Galicia (Ax. 2030)



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

A **carencia material e social severa en 2024**, relacionada directamente co custo da vida, **rompe a súa tendencia de tres anos seguidos de incremento** e redúcese en **Galicia en 3,4 puntos, do 8,3% en 2023 ao 4,8% da poboación**, o que representa o **valor mais baixo dende 2021** e o que se traduce en case 130.000 persoas en Galicia que se atopan en CMSS - unhas 91.000 persoas menos que no 2023.

Esta redución é a máis acentuada do Estado e sitúa a Galicia como a cuarta comunidade con menor taxa de CMSS, so por detrás de A Ríoxa, Baleares e País Vasco.

Con respecto ao 2015 (inicio do novo período de avaliación da Axenda 2030) a taxa de PMSS de Galicia subiu 0,9 puntos e, con respecto ao 2020, cando a taxa estaba no 3,2%, a taxa actual é 1,6 puntos máis alta.

A nivel estatal o descenso foi lixeiramente menor, pero a pesares diso, descendeu en 0,7 puntos (do 9% ao 8,3 % da poboación). Ao longo de todo o período analizado podemos observar que **a CMSS en Galicia é menor que a estatal e o descenso deste último ano agranda a fenda entre ambas, que se atopan a unha distancia de 3,5 puntos.**

En 2024 o indicador de CMSS mostra unha significativa mellora, o que revirte a tendencia de empeoramento das condicións de vida das persoas, que viñamos

¹⁸ O indicador de pobreza é un indicador de ingresos e o indicador de PMSS refírese ao tipo de gastos que pode asumir unha persoa ou fogar. Para obter máis información sobre estes gastos habería que analizar cada un dos gastos por idade ou sexo, pero a o tamaño da mostra non o permite.

advertindo nos últimos anos, unha mostra máis da capacidade que teñen a políticas públicas para mellorar as condicións de vida das persoas.¹⁹

Galicia: población en CMSS por sexo


	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Pob. total (miles)	2.732	2.719	2.708	2.703	2.700	2.703	2.698	2.693	2.699	2.706
Homes	1.320	1.313	1.307	1.304	1.301	1.302	1.299	1.297	1.299	1.302
Mulleres	1.412	1.406	1.401	1.399	1.399	1.401	1.399	1.396	1.400	1.404
% CMSS	3,9%	4,9%	3,2%	6,1%	5,4%	3,2%	6,2%	6,3%	8,2%	4,8%
% Homes	3,8%	4,4%	2,7%	5,5%	5,7%	3,4%	5,5%	5,6%	7,1%	4,5%
% Mulleres	3,9%	5,4%	3,7%	6,7%	5,2%	3,1%	6,9%	6,9%	9,2%	5,1%
CMSS (miles)	105	133	88	165	147	87	167	170	221	130
Homes	50	57	36	71	74	44	72	73	92	59
Mulleres	55	76	52	93	72	44	96	97	129	72

Nota: destácase en negriña o valor máis alto da serie.

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por sexo, este ano obsérvase un estreitamento da fenda de xénero, pois pasa de 2,1 puntos a 0,6, grazas á maior redución da CMSS das mulleres que cae 4,1 puntos ata situarse nun 5,1% que a dos homes, que diminúe 2,6 puntos ata o 4,5%. A pesar disto, a taxa feminina continúa sendo maior, e aplicada á poboación resulta nunhas 72.000 mulleres en CMSS, taxa superior á masculina, na que cerca de 59.000 homes están na mesma situación.

Galicia: CMSS por sexo



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)


A Carencia Material e Social Severa reduciuse entre os catro grupos de idade aquí presentados. A proporción de nenos, nenas e adolescentes en CMSS é a que máis mellora este ano, descende 6,3 puntos e pasa a ser do 6,1% e o segmento de idade

¹⁹ Por outra banda, o antigo indicador Privación Material Severa (PMS) permite comparar os resultados previos a Gran Recesión. Así, en 2008 a taxa en Galicia era do 3,0%, era bastante inferior á de 2024 (4,9%). Ademais, hai que sinalar que a utilización do novo indicador mostra en 2024 un valor que é moi similar á da antiga CMS e cun desempeño similar no último ano.

entre 30 e 64 anos pasa a ser o que ocupa a taxa máis elevada, un 6,3%, descendendo 3,8 puntos.

O mellor dato rexístrao o grupo de maiores de 65 anos, que reduciu a súa taxa en 2,4 puntos ata situarse no 1,7%. Seguidamente, o grupo de idade entre 18 e 29 anos é tamén dos que mellores datos rexistra, un 4,1%, unha taxa que se reduciu 0,6 puntos dende o ano anterior.

Galicia: CMSS por idade



Fonte: Elaboración por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Ao **realizar a comparativa entre diferentes grupos sociais** detéctase un patrón similar aos producidos con outros indicadores na maioría dos casos, pero con algunhas diferenzas. Ao contrario que no caso da taxa de pobreza, a carencia material e social severa é **lixeramente inferior entre aqueles que viven en zonas rurais (4,7%)** que entre aqueles que o fan en urbanas (4,9%) e entre **aqueles que viven en fogares sen menores economicamente dependentes (4,5%)** que entre o resto (5,1%).

Continúan a darse **taxas moito máis elevadas entre as persoas que viven de alugueiro (14,6%)** fronte a aquelas que viven en propiedade (2,9%). Tamén entre as **persoas que están en situación de desemprego (16,9%)** fronte a aquelas que teñen emprego (3,7%) ou as que están xubiladas (1,2%) que experimentan as taxas máis baixas de pobreza segundo a situación laboral.

Por último, e como se ven dando en anteriores indicadores, a taxa de persoas con discapacidade que está en CMSS (7,9%) é maior daquelas que non teñen ningunha discapacidade (3,5%). A pesares de que en ambos grupos sociais baixa a taxa de CMSS, a fenda entre ambos grupos non se reduce, se non que se incrementa, no 2023 hai unha diferenza de 3,5 puntos mentres que no 2024, a diferenza é do 4,4 puntos porcentuais.

CARENCIA MATERIAL E SOCIAL SEVERA (%)

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL	3,9	4,9	3,2	6,1	5,4	3,2	6,2	6,3	8,2	4,8
Segundo presenza de menores econ. dep.										
Con menores	3,2	5,3	3,1	3,5	6,1	4,3	7,7	6,9	10,2	5,1
Sen menores	4,3	4,6	3,3	8,2	4,9	2,4	5,0	5,9	6,7	4,5
Segundo tipo de hábitat										
Urbano	4,0	6,0	4,2	5,2	5,9	3,0	6,8	7,7	9,3	4,9
Rural	3,6	3,1	1,7	7,4	4,8	3,6	4,4	2,6	5,4	4,7
Segundo tenza da vivenda										
Propiedade	3,1	3,4	2,4	5,0	4,2	2,4	4,6	4,0	4,7	2,9
Alugueiro (prezo de mercado)	8,0	17,1	7,9	7,1	12,5	12,8	18,9	19,9	28,0	14,6
Segundo situación laboral (pob. ≥16 anos)										
Con emprego	1,2	2,9	0,9	2,1	2,0	1,2	3,7	3,8	5,9	3,7
En desemprego	13,5	15,4	14,4	16,7	20,2	8,6	19,8	23,6	27,4	16,9
Xubilados/as	0,8	1,1	1,9	5,9	4,2	2,1	2,0	4,6	3,4	1,2
Outra inactividade	4,4	5,7	4,8	11,6	7,1	4,7	7,4	7,1	8,9	6,3
Discapacidade (pob. ≥16 anos)										
Sen discapacidade	2,7	3,7	2,5	3,6	3,6	2,0	4,7	4,5	6,3	3,5
Con discapacidade	5,5	7,1	5,6	14,9	9,8	5,5	7,2	9,0	9,8	7,9

Fonte: Elaboración EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Ítems de carencia material e social severa

Os ítems ou conceptos de consumo concretos que compoñen o indicador móstranse na seguinte táboa. A súa análise mostra que **este ano ningún dos 13 ítems empeorou**. De entre todos hai que destacar, pola súa importancia e pola magnitude da súa redución do número de **persoas que non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura adecuada durante os meses de inverno, que baixa 5 puntos** con respecto ao ano anterior, ata situarse nun 16,6%, unha cifra que, a pesares da mellora, continúa a ser moi elevada.

Ademais, en **once dos trece ítems os valores medidos en Galicia son menos elevados que os rexistrados a nivel nacional**, é dicir, todos excepto o número de persoas que non poden permitirse unhas vacacións fora de casa unha semana ao ano, que en Galicia é do 35,9% e a nivel nacional do 33,4% e aquelas persoas que non poden permitirse unha conexión a internet, cuxos resultados son similares, un 1,7% en Galicia e un 1,6% a nivel nacional.

Ítems de Carencia Material e Social Severa


Nacional	2008	2015	2022	2023	2024
Retrasos no pago de gastos relacionados coa vivanda principal ou compras a prazos	8,2%	11,7%	13,2%	13,6%	14,2%
Non pode permitirse manter a vivanda cunha temperatura adecuada durante os meses de inverno	5,9%	10,6%	17,1%	20,7%	17,6%
Non pode permitirse ir de vacacións fora de casa, polo menos unha semana ao ano	36,2%	41,5%	33,5%	33,2%	33,4%
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalentes para os vexetarianos) polo menos cada dous días	2,2%	2,6%	5,4%	6,4%	6,1%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	29,9%	39,8%	35,5%	37,1%	35,9%
Non pode permitirse ter un coche	5,9%	5,8%	5,0%	5,2%	5,3%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		38,8%	27,4%	30,0%	27,7%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		5,5%	8,5%	8,8%	8,0%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		1,3%	2,5%	2,8%	2,5%
Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familiares para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		7,1%	7,6%	9,5%	8,8%
Non pode participas regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos etc.		15,0%	12,2%	13,7%	13,2%
Non pode gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana		13,1%	14,3%	15,9%	15,0%
Non pode permitirse unha conexión a internet (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		5,4%	1,9%	1,9%	1,6%
GALICIA	2008	2015	2022	2023	2024
Retrasos no pago de gastos relacionados coa vivanda principal ou compras a prazos	3,4%	7,8%	9,4%	9,2%	7,5%
Non pode permitirse manter a vivanda cunha temperatura adecuada durante os meses de inverno	8,9%	13,7%	19,4%	21,6%	16,6%
Non pode permitirse ir de vacacións fora de casa, polo menos unha semana ao ano	38,4%	48,3%	39,2%	38,3%	35,9%
Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou peixe (ou equivalentes para os vexetarianos) polo menos cada dous días	1,1%	1,2%	4,4%	4,5%	3,9%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	24,4%	27,4%	29,4%	29,2%	26,8%
Non pode permitirse ter un coche	3,9%	2,3%	2,6%	3,0%	2,8%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		31,9%	25,6%	27,7%	22,2%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		3,5%	7,1%	7,9%	4,7%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		0,4%	1,3%	2,1%	1,4%
Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familiares para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		2,5%	6,6%	8,0%	5,8%
Non pode participas regularmente en actividades de ocio tales como deportes, cine, concertos etc.		8,5%	11,1%	12,8%	9,9%
Non pode gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo cada semana		8,6%	12,6%	14,9%	11,7%
Non pode permitirse unha conexión a internet (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		5,4%	1,8%	2,6%	1,7%

Fonte: Elaboración EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Ademais, cabe destacar outros ítems que a pesar de experimentar unha redución, continúan a ser moi elevados, como as persoas que non teñen capacidade para **afrontar gastos imprevistos (26,8%)**, as que non poden permitirse substituír os **mobles** estragados ou vellos **(22,2%)** e aquelas que non poden gastar unha pequena cantidade de diñeiro **en si mesmas cada semana (11,7%)**.

Especialmente preocupante, aínda que moito máis baixa, é a porcentaxe de persoas que **non poden permitirse unha comida de carne, polo ou pescado**, polo menos un cada dous días (3,9%), un dato que baixa lixeiramente nos últimos anos, pero que imprescindible reducir, pola súa gravidade.

Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos



Fonte: Elaborado por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)


Dificultades para chegar a fin de mes

Finalmente, aínda que este indicador non forme parte da construción da taxa CMSS, analízase a dificultade que experimenta a poboación galega para chegar a fin de mes. En Galicia, **dúas de cada cinco persoas (41,0%) indica que ten algunha dificultade para chegar a fin de mes**.

A pesares de que o resultado continúa a ser moi elevado, hai que sinalar que supón 3,5 puntos porcentuais menos que o ano anterior e que a maior redución se produce entre aquelas persoas que sinalan chegar con moita dificultade, que baixou -2,7 puntos este ano ata chegar ao 6,0%.

Mantéñense estables os indicadores que fan referencia ás persoas que chegan con dificultade a fin de mes que pasa do 10,7% en 2023 ao 10,0% no 2024, e as persoas que chegan con certa dificultade (pasa do 25,1% en 2024 ao 25,0% 2024).

Galicia: Dificultades para chegar a fin de mes




Fonte: Elaboración EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Para complementar estes datos imos recorrer a **Enquisa Conxuntural a Fogares do IGE**, posto que nos mostra o **grao de dificultade para chegar a fin de mes segundo o tipo de fogar**. Estes datos hai que separalos dos anteriores, posto que a mostra e a metodoloxía son diferentes, pero si que nos da pistas das familias que afrontan maiores dificultades para chegar a fin de mes en Galicia.²⁰

Esta enquisa mostra que un 52,1% dos no último trimestre de 2024 chegaba con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Son, con gran diferenza, os fogares de **familias monoparentais** as que presentan unha taxa maior, un **66,3%** e os fogares de **parellas con fillos e fillas**, un **46,5%**. Con respecto ao 2023, as familias monoparentais son as únicas que empeoran a súa situación.

Fogares con difultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes por tipoloxía do fogar



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da Enquisa Conxuntural a Fogares do IGE

²⁰ <https://tinyurl.com/2d8eo4p7>

O PAPEL DAS PENSÍONS NA REDUCIÓN DA POBREZA

Compre prestar atención a un grupo con características especiais, o da **poboación pensionista**. Unha gran parte dela ten unha pensión como único ingreso e, polo tanto, son relativamente fixos. Así este grupo de poboación ten pouca marxe de acción para mellorar a súa situación que depende principalmente de decisións políticas, posto que obteñen rendas que están practicamente determinadas polo importe da pensión que recibe.


Estas decisións políticas son principalmente responsabilidade do goberno central. Non obstante, non debemos esquecer a responsabilidade compartida, pois a Xunta dispón de ferramentas para implantar medidas de reforzo ou complementarias ás pensións cuxos importes se establece dende o goberno central.

Hai que matizar que a pensión non é o único ingreso que perciben todas as persoas pensionistas, pois hai persoas pertencentes a este grupo que reciben outros ingresos complementarios.

En primeiro lugar, con respecto ás pensións hai que sinalar a función reguladora da calidade de vida de todas as persoas que xogan as pensións por xubilación. Se ben as persoas maiores son as máis beneficiadas por estas pensións, o impacto destas prestacións alcanza tamén a outros grupos de idade.

Así, en Galicia, á vez que **as pensións por xubilación e supervivencia reducen a pobreza 59,5 puntos entre as persoas de 65 anos ou máis, tamén o fan 9,2 puntos entre o resto da poboación**, máis do que o fan o resto de prestacións ²¹. Actualmente, a taxa de pobreza da poboación 65 anos e máis é do 17,9%, é dicir, unhas 129.000 persoas. Si se retirasen as pensións de xubilación e supervivencia a pobreza neste grupo de idade sería dun 77,4% (59,5 puntos máis), o que implicaría que 557.000 persoas maiores de 65 anos estarían en pobreza en Galicia, 428.000 máis que as que hai actualmente.

Efecto das pensións por xubilación e supervivencia segundo idade en 2024 (puntos porcentuais)



Fonte: Elaborado por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

²¹ O resto das prestacións sociais reducen a pobreza 6,6 puntos entre as persoas de 0 a 64 anos de Galicia e 7,2 puntos a nivel nacional.

Por outra banda, observamos que o importe das pensións ten un efecto significativo tanto na xeración de pobreza entre as persoas maiores, como na súa contención. Con respecto ao primeiro, en 2024 cerca da **metade das pensións que se repartiron en Galicia (o 47,4% do total) caracterizábanse por unha contía que non superaba o limiar da pobreza**, é dicir, inferiores aos 827€ mensuais en 14 pagas²². **En termos absolutos son 370.261** as pensións que están por debaixo do limiar da pobreza.

Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2024)					Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)	827 €
					Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)	552 €
GALICIA	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas as pensións
Ata 150 €	435	14.698	7.976	1.914	44	25.067
De 150,01 a 400 €	977	21.480	30.457	11.050	704	64.668
De 400,01 a 500 €	1.086	20.979	19.931	1.334	139	43.469
De 500,01 a 552 €	1.210	13.371	9.955	542	124	25.202
De 552,01 a 700 €	17.538	27.796	20.729	1.349	3.186	70.598
De 700,01 a 800 €	12.045	74.414	10.361	1.869	224	98.913
De 800,01 a 827 €	3.735	35.036	3.145	366	62	42.344
De 827,01 a 1,000 €	12.888	72.720	21.518	3.875	298	111.299
De 1.000,01 a 2.000 €	25.030	147.749	33.957	1.148	649	208.533
Máis de 2.000 €	5.124	83.142	3.126	150	55	91.597
Todos os tramos	80.068	511.385	161.155	23.597	5.485	781.690
TOTAL EN POBREZA	37.026	207.774	102.554	18.424	4.483	370.261
%	46,2%	40,6%	63,6%	78,1%	81,7%	47,4%
TOTAL EN POBREZA SEVERA	3.708	70.528	68.319	14.840	1.011	158.406
%	4,6%	13,8%	42,4%	62,9%	18,4%	20,3%

Fonte: Elaboración propia con datos del Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones.

²² Neste caso, o limiar de pobreza está calculado para 14 mensualidades que é o número de pagas anuais. O límite superior de ingresos é de 827 € por paga, e de 552 € para o caso de pobreza severa.


A porcentaxe de pensións por debaixo do limiar da pobreza é menor en 2024 (47,4%) o ano anterior (48,4%). Non obstante, **Galicia é a rexión na que hai unha maior proporción de pensións contributivas por debaixo do limiar da pobreza**. Se desagregamos estes datos observamos que son as pensións por favor familiar (81,7%), as de orfandade (78,1%) e as de viuvez (63,6%) as mais afectadas.

Finalmente, debe destacarse que **para o 20,3% do total, o importe da súa pensión é inferior ao limiar da pobreza severa** (renda inferior a 552 € en 2024), o que en termos absolutos se traduce en 158.406 pensións, unha taxa que se mantén estable con respecto ao 2023 (20,2%). A cifra alcanza ao **42,4% no caso das prestacións por viuvez**, que en grandísima medida corresponden a mulleres, e que aumentou bastante con respecto ao 2023 (36,6%).

Para por en contexto a situación das persoas de 65 anos e máis, hai que fixarse na subida do limiar da pobreza que pasou de 785€ a 827€ un 5,4%, por debaixo do que aumentaron as pensións, incluídas as de viuvez. Isto explica que moitas sigan por debaixo da pobreza. Nesta mesma liña, o limiar da pobreza severa pasou de 523€ a 552€, o que implica que, ao non aumentar na mesma proporción as pensións, aumentase a taxa de pobreza severa entre as pensións de viuvez.

Todo isto, pode explicar o motivo polo que as taxas de pobreza das persoas de 65 anos e máis non se reducen tanto como nos outros grupos de idade e, permanecen, relativamente altas en comparación co grupo de menores e mozos e mozas.

Pensións baixo o limiar da pobreza (2024)



Fonte: Elaboración EAPN a partir dos datos do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

O PAPEL DA POBOACIÓN MIGRANTE

O descenso da pobreza é multicausal, é dicir, non se debe a un único factor e compre analízalo con máis detalle e con estudos específicos. Neste informe xa se teñen comentado algunha das causas da mellora dos datos en Galicia pero sen dúbida é imprescindible ter en conta a influencia positiva que está a ter a chegada e permanencia de poboación migrante a Galicia.

E tamén obrigado destacar a efectividade, aínda que mellorable, das políticas, medidas e procesos de inclusión sociolaboral autonómicas, municipais e de organizacións do Tercero Sector. Nunha comunidade na que non existen partidos políticos que no Parlamento ou nos concellos impidan este tipo de medidas impulsando un discurso de odio xenófobo como está a suceder e a empobrecer a maioría de CCAA e no conxunto do estado.

A poboación estranxeira en Galicia incrementouse nun 39,8% entre xaneiro de 2022 e outubro de 2024. A entrada de poboación migrante foi especialmente pronunciada nalgúñas das rexións máis ameazadas polo declive demográfico, como Asturias, Castela e León e Galicia.²³

Dende Funcas sinalan como **a partir de 2022 comeza unha nova etapa de forte crecemento da poboación en España, sustentada na aportación de poboación inmigrante.** En Galicia como confirman as entidades do Tercero Sector é unha poboación que permanece en Galicia, ao contrario do que viña acontecendo, pois Galicia era máis un lugar de paso para a poboación migrante e non tanto un lugar onde asentarse

Destaca que o 40% do emprego que se creou entre o primeiro trimestre de 2022 e o terceiro de 2024 en España foi ocupado por poboación estranxeira. A poboación migrante supuxo o 57% do incremento da poboación activa e o 15% do total de ocupados a finais de 2024.

Neste contexto, o Banco de España estima que o ritmo medio de avance anual do PIB per cápita en España foi do 2,9%. De acordo cun exercicio de descomposición mecánica, a aportación media directa da poboación estranxeira a este crecemento do PIB per cápita situaríase entre 0,4 e 0,7 puntos porcentuais.²⁴

Galicia, é a única Comunidade Autónoma na que nas súas institucións non existen partidos que difundan o discurso de odio e a xenofobia. Isto facilita a **inclusión social e laboral das persoas migrantes**, que aínda que seguen a ter taxas de pobreza máis

²³ <https://www.funcas.es/prensa/la-inmigracion-aporta-el-84-del-crecimiento-de-la-poblacion-espanola-dato-del-ano-para-funcas/>

²⁴ <https://www.bde.es/f/webbe/SES/Secciones/Publicaciones/InformesBoletinesRevistas/BoletinEconomico/25/T2/Fich/be2502-art10.pdf>

elevadas que a poboación de nacionalidade española, están a funcionar como un factor clave do crecemento económico e demográfico.


A investigadora sobre o impacto da inmigración en Galicia, Laura Oso, realiza unha análise cuantitativa da pegada da inmigración en Galicia que cremos importante salientar.

En primeiro lugar, sinala como a migración procedente do estranxeiro favoreceu o **aumento da poboación en Galicia contribuíndo a paliar o decrecemento poboacional** e a substitución interxeracional da poboación. Teñen especial protagonismo as persoas en idades de poboación activa e as mulleres, que representan o 51% das entradas dende o exterior.

En segundo lugar, a incorporación da poboación migrante ao mercado laboral. A do INE²⁵ é unha das principais fontes de información sobre o mercado laboral. No seguinte gráfico observamos o volume das persoas activas estranxeiras en Galicia, que en 2023 foi de 85,8% e de 95,2% en 2024. A **tendencia continúa a alza**, se temos en conta o 2025, onde soamente figura o dato do primeiro trimestre do ano.

A taxa de actividade mostra a participación da poboación no mercado laboral, o seu cálculo indica a proporción de poboación activa (traballando ou buscando traballo) sobre a poboación e idade de traballar.

Evolución da poboación activa, extranxeira en Galicia




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA). INE

²⁵ Evolución activos por nacionalidade, sexo e comunidade autónoma (INE):
<https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=65299&L=0>

Ademais, **a poboación estranxeira ten unha taxa de emprego máis elevada** que a poboación nacional, é dicir, poboación activa que ten traballo. A taxa de emprego sempre foi superior entre a poboación estranxeira en comparación coas persoas de nacionalidade española. Isto indica, o peso e impacto que ten a poboación estranxeira no mercado laboral galego.

Evolución da taxa de emprego segundo nacionalidade en Galicia



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA). INE

As entidades do Terceiro Sector de Acción social constatamos a demanda que existe de poboación inmigrante nalgúns sectores económicos clave en Galicia: sector do transporte e a hostalaría, servizo doméstico, construción, agricultura, persoal sanitario, etc. Pero tamén o papel que ten a inmigración no traballo autónomo, unha saída laboral que contribúe a dinamizar a economía galega e a xerar emprego a través do emprendemento.

Para garantir a inclusión sociolaboral das persoas migrantes, principalmente daquelas que están en risco de pobreza ou exclusión social **é imprescindible contar coas entidades do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS)** que, levan a cabo modelos de inclusión sociolaboral exitosos cunha metodoloxía baseada nun enfoque integral, individualizado e totalmente centrado na persoa. Este enfoque foi determinante para o éxito dos resultados obtidos no [Programa Integrado de Emprego](#) que coordinou EAPN Galicia e no que participaron 14 entidades do TSAS.²⁶

É necesario un **acompañamento para garantir a inclusión sociolaboral** das persoas migrantes, con itinerarios personalizados e atención integral. Un modelo que, realizan, con éxito as entidades do Terceiro Sector, principalmente con aquelas persoas que

²⁶ https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/01/ManualBBPP_InclusionVulnerabilizadas.pdf


están en risco de pobreza ou exclusión social. Así o demostra o Programa Integrado de Emprego que se levou a cabo dende EAPN Galicia, coa participación de 14 entidades do TSAS galego

No balance do [Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones](#) de 2024 sinálase que Galicia cerrou o ano con 67.897 afiliacións á Seguridade Social de poboación procedente doutros países, crescendo un 14,6% nun ano, destacando a súa presenza na hostalaría, comercio, construción e industria manufactureira.²⁷

Non obstante, a poboación inmigrante recibe salarios máis baixos que a poboación nacional, incluso realizando o mesmo emprego e atópase nunha maior situación de precariedade laboral.²⁸

A pesares dos datos positivos que a poboación inmigrante aporta ao territorio galego, **as taxas de pobreza da poboación estranxeira son significativamente máis elevadas que as da poboación nacional**. A [Enquisa Estrutural a Fogares do IGE](#) permítenos examinar os datos de pobreza por nacionalidade, segundo os cales, en 2023 un 15,6% de poboación nacional estaba en AROPE en Galicia, fronte ao 50% da poboación estranxeira.

Hai que resaltar, sen embargo, **que o descenso da taxa de pobreza e exclusión social da poboación estranxeira o fixo en maior grado que a poboación galega**, descendendo un 1,3 e un 3,3 puntos, nomeadamente.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da Enquisa Estrutural a Fogares do IGE

A mellora deste indicador achéganos a hipótese formulada inicialmente no caso de manterse esta tendencia: **as políticas de inclusión social da poboación estranxeira levadas a cabo en Galicia facilitan unha mellora das condicións de vida destas**

²⁷ Balance decembro 2024. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones: <https://tinyurl.com/22mzxb9p>

²⁸ Hermansen, A.S., Penner, A., Boza, I. et al. Immigrant-native pay gap driven by lack of access to high-paying jobs. *Nature* 644, 969-975 (2025). <https://doi.org/10.1038/s41586-025-09259-6>

persoas, repercutindo nunha lixeira mellora das taxas de pobreza e exclusión social en Galicia. A pesares desta mellora, son taxas de pobreza moi elevadas que é urxente reducir substancialmente.

No mesmo senso e para rematar este apartado compre lembrar e recoñecer a importancia e anticipación do establecido do Plan Estratéxico de Galicia 2022- 2030²⁹.

Cando establece como Prioridade de Actuación 4.2 *"Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante"*.

Pero tamén cando na súa páxina 23 indica que *"O reto será saltar a unha economía baseada na innovación á vez que se aplica unha política migratoria proactiva. Incluso en Galicia, en pouco tempo, ter unha soa identidade nacional na familia pode chegar a ser a excepción."*

O reto da diversidade en sociedades como a nosa non pode presentarse en termos dicotómicos (favor ou contra) e debe xestionarse coma un recurso. Precísase valorar que unha sociedade políglota e con rexistros culturais diversos ten un potencial de capacitación humana que nos pode permitir actuar globalmente nunha economía mundial interconectada, promovendo unha sociedade creativa e innovadora".

²⁹ <https://www.planestratexico2030.gal/presentacion-e-documentos>

DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA

A desigualdade é unha das principais consecuencias dun mercado non regulado, que xera diferenzas estruturais na distribución dos recursos e provoca situacións de desequilibrio. Estas desigualdades non se limitan ao ámbito económico, se non que atravesan distintos eixos de discriminación- como o xénero, a idade, a etnia, a orixe, a orientación sexual ou a condición socioeconómica- e exprésanse no acceso aos dereitos fundamentais como a educación, a saúde, o emprego ou a protección social.

É fundamental, polo tanto, cruzar estes eixos de desigualdade para identificar máis fielmente as interseccións que se manifestan e os efectos específicos de cada unha delas. Ademais, as desigualdades tenden a acumularse e perpetuarse, dificultando a mobilidade social e consolidando fendas na cantidade de vida entre grupos sociais.

O informe analiza os principais indicadores de desigualdade de renda na renda media por persoa e por unidade de consumo, as razóns S80/S20 e S90/S10 – que comparan os ingresos entre aqueles que máis teñen e os que menos-, así como o índice de Gini.

Estes indicadores permiten observar a magnitude da desigualdade e as súas implicacións para as persoas en situación de pobreza en comparación co resto da poboación.


RENDAS

Aínda que para o cálculo da maioría dos indicadores de pobreza e desigualdade analizados neste informe se utiliza a renda por unidade de consumo, a continuación analízase a renda por persoa para mostrar uns resultados cuxa interpretación é máis intuitiva e, despois, móstrase a análise da renda por unidade de consumo.

Rendas por persoa

A renda media en Galicia é de **14.558€ por persoa**, é dicir, 249 € menos que a renda media nacional. Ademais, Galicia é a segunda comunidade na que máis aumentan estes ingresos (creceron un 10,7%). Así, pese a que en termos xerais o gráfico mostra que a tendencia rexional é similar á nacional, este ano diminuíu a distancia entre a renda por persoa en Galicia (que aumentou 1.411 €) e a media total (que creceu 725€).

Renda media por persoa en Galicia




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

A pesares disto, as **cifras puramente nominais non reflexan a evolución real do poder adquisitivo da poboación** durante este mesmo período de tempo.

Dende 2008 a renda nominal media por persoa en Galicia creceu dende 9.482 € ata os 14.558 €, é dicir, incrementouse en 5.076 € (+53,5 %). Non obstante, **ao ter en conta a variación do coste da vida** e, polo tanto, se actualizan os datos segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC)³⁰, evidénciase que, en termos de 2008 **o valor real non mellorou tanto: a renda media por persoa deflectada este ano é de 10.856 €**, polo tanto, o incremento real da renda dende o 2008 ata o 2024 en Galicia é de 1.374 €.

³⁰ Renda real= Renda nominal / (1+ taxa de variación do IPC).
Taxa de variación do IPC (2008 e 2024): 34,1%

Renda media por persoa de Galicia deflactada por IPC



Fonte; Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Feito este apunte, o que segue a análise céntrase nas rendas nominais, é dicir, sen considerar o IPC, dado que a súa finalidade é comparar a situación de distintos segmentos da poboación entre si.

A análise das rendas medias por persoa segundo segmentos de poboación evidencia as diferenzas sinaladas anteriormente. A seguinte táboa reflexa como as mulleres teñen unha renda media por persoa inferior á dos homes³¹ e como a poboación menor de idade dispón de menos ingresos todos os anos. Neste sentido, a presenza de menores no fogar volve mostrarse como un factor de vulnerabilidade e as persoas que viven neste tipo de familias dispoñen duns ingresos inferiores á media.

Ademais, teñen rendas menores aquelas persoas que residen en zonas rurais, as que viven de alugueiro, as que están en desemprego e as que teñen algunha discapacidade.

³¹ Debe terse en conta que, como xa se explicou en distintos capítulos deste informe, a ECV ten carencias para medir diferenzas de xénero tanto na renda como noutras das variables estudadas.

Renda media por persoa (€)								
	2008	2015	2019	2020	2021	2022	2023	2024
TOTAL	9.482	10.212	11.218	11.469	11.453	12.352	13.147	14.558
Segundo sexo								
Homes	9.552	10.423	11.178	11.621	11.618	12.566	13.362	14.777
Mulleres	9.417	10.014	11.255	11.326	11.299	12.153	12.945	14.354
Segundo idade								
Menores de 18	7.432	8.353	9.346	8.689	8.776	9.915	10.142	11.661
De 18 a 29 anos	9.216	8.441	9.528	9.527	9.456	10.968	12.502	13.721
De 30 a 64 anos	10.028	10.734	11.728	12.218	11.834	12.827	13.597	15.033
65 anos e máis	9.717	10.973	11.957	12.370	12.999	13.269	14.095	15.456
Segundo presenza de menores econ. dep.								
Con menores	7.777	8.492	9.178	9.118	9.161	10.232	10.740	12.120
Sen menores	10.965	11.519	12.871	13.347	13.310	14.102	15.001	16.459
Segundo tipo de hábitat								
Urbano	9.996	11.117	12.105	12.018	11.783	12.691	13.646	15.036
Rural	8.495	8.813	9.941	10.659	10.518	11.507	11.854	13.284
Segundo tenza da vivenda								
Propiedade	9.814	10.632	11.867	11.923	11.961	13.058	13.802	15.334
Alugueiro (prezo de mercado)	7.294	9.062	7.793	10.241	9.202	9.649	10.922	11.726
Segundo situación laboral (pob. ≥16 anos)								
Con emprego	10.873	11.406	12.326	12.982	12.585	13.770	14.426	16.067
En desemprego	7.782	7.721	8.570	8.887	8.812	9.580	10.291	10.542
Xubilados/as	9.716	11.544	12.716	12.980	13.553	13.606	14.700	15.986
Outra inactividade	8.088	9.355	9.401	9.637	9.598	10.424	11.306	12.609
Discapacidade (pob. ≥16 anos)								
Sen discapacidade	10.101	10.694	11.947	12.125	12.184	12.990	13.937	15.349
Con discapacidade	8.956	10.027	10.044	11.110	11.018	12.223	12.848	13.824


Valor *máis baixo*/ *máis alto* do ano

Rendas por unidade de consumo

Como mostra o seguinte gráfico, a evolución da renda por unidade de consumo en un comportamento similar á dos ingresos por persoa.

A renda media en Galicia por unidade de consumo é de 21.360€, é dicir, 399 € menos que a renda media nacional. Así, en Galicia a renda media por unidade de consumo aumentou este ano 2.208€ e a media nacional fíxoo en 1.083€ ata chegar aos 21.759€.

Renda media por unidade do consumo



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por outra parte, resulta moi útil analizar a **distribución da renda dentro da Comunidade Autónoma**. O estudo da porcentaxe de poboación rexional nos deciles de renda nacional permite establecer unha comparación da distribución da renda da comunidade autónoma con respecto á do conxunto do país. Neste sentido, se a rexión tivera un reparto da renda idéntico ao nacional, en todos os deciles de renda habería un 10% da súa poboación. Sen embargo, iso non sucede e a razón está na diferente distribución dos ingresos dentro da comunidade autónoma.

Así, na seguinte táboa pode observarse esta distribución de ingresos por unidade de consumo.

A poboación galega que polos seus ingresos por unidade de consumo está no grupo do 10% da poboación nacional **con renda máis baixa (decil 1 de renda nacional) redúcese ata un 7,2%, é dicir, 1,9 puntos menos que o ano pasado**.

Si se agregan **os tres deciles de menor renda** por unidade de consumo (deciles 1, 2 e 3) **en Galicia supoñen un cuarto da poboación (25,2%)**, mentres que a nivel nacional representan o 30,0% das persoas.

Polo contrario, a suma **dos cinco deciles centrais da distribución** (do decil 4 ao 8) en Galicia **representa a máis da metade das persoas (57,9%)**, mentres que a nivel nacional supón o 50% da poboación.

Polo tanto, en Galicia **hai máis poboación da que correspondería ao grupo central** (do decil 4 ao 8) **e menos nos estratos máis vulnerables** (deciles 1,2 e 3) **e máis privilexiados** (deciles 9 e 10).

GALICIA: Poboación por decil de renda por unidade de consumo


	2008	2015	2019	2020	2021	2022	2023	2024
D1	8,2%	6,2%	8,9%	9,7%	8,6%	7,6%	9,1%	7,2%
D2	12,9%	9,9%	10,9%	11,4%	10,2%	10,2%	9,8%	7,4%
D3	13,5%	10,9%	9,8%	10,2%	10,3%	10,2%	10,1%	10,7%
D4	12,1%	11,3%	10,1%	10,0%	11,5%	12,0%	11,5%	9,7%
D5	11,2%	11,3%	10,7%	13,3%	12,3%	10,6%	12,1%	13,7%
D6	10,3%	12,5%	9,7%	10,4%	10,8%	11,7%	11,5%	12,2%
D7	10,9%	10,8%	12,3%	8,9%	11,6%	11,8%	10,9%	11,7%
D8	9,1%	11,0%	10,8%	10,0%	10,1%	11,5%	11,0%	10,6%
D9	6,6%	8,6%	9,1%	10,5%	8,9%	8,7%	8,1%	10,0%
D10	5,3%	7,5%	7,7%	5,6%	5,7%	5,7%	5,9%	6,8%

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

INDICE DE GINI

O Índice de Gini é o indicador máis utilizado para medir desigualdade. Varía entre 0 e 1 e canto maior sexa a cifra maior e a desigualdade do conxunto medido. A gráfica mostra a súa evolución dende o 2004.

Para este ano 2024, o **índice de Gini de Galicia diminúe 0,6 puntos ata situarse no 26,8 o seu valor mínimo** da serie histórica aquí estudada. Ademais, **trátase da comunidade autónoma con menos desigualdade** e para este indicador o seu nivel sitúase en 4,4 puntos por debaixo do medido entre o total da poboación nacional (31,2).³²



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)


RELACIÓN S80/S20 E S90/S10

A **relación da renda S80/S20** defínese como a relación entre a proporción dos ingresos totais percibidos polo 20% da poboación con maiores ingresos e a percibida polo 20% con menores ingresos e **a relación S90/S10 mide** a relación entre a proporción dos ingresos totais percibidos polo 10% da poboación con maiores ingresos con respecto á percibida polo 10% con menores ingresos. Ambos utilízanse para medir a **desigualdade en Galicia e en ambos casos os valores en Galicia son inferiores aos nacionais**.

Este ano, **a renda do 20% máis rico da poboación de Galicia é 4,2 veces máis elevada que a do 20% máis pobre**, o que supón un leve descenso de 0,2 puntos


³² Indicador máis utilizado para medir desigualdade. Para a súa interpretación, debe terse en conta que varía entre 0 e 100, onde 0 representa a igualdade absoluta (todas as persoas teñen a mesma renda) e 100 a desigualdade completa (unha persoa acumula toda a renda e o resto nada).

respecto ao ano anterior e 0,8 respecto a 2021. Ao igual que o índice de Gini, o valor do indicador S80/S20 de 2024 sitúase no mínimo histórico da serie presentada.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por outra banda, en 2024 a **renda agrupada do 10% máis rico da poboación de Galicia multiplica por 7,2 a do 10% máis pobre**. Fronte á mellora dos outros indicadores de desigualdade analizados, o S90/S10 móstrase estable respecto aos dous últimos anos.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO


A información do INE permite calcular o **efecto das actuacións e transferencias ás persoas das diferentes administracións públicas**. Esta información permite ver o esforzo amosado polo conxunto das diferentes administracións na loita contra a pobreza e a exclusión e o impacto dos efectos da crise inflacionista e enerxética.

Anteriormente estudáronse as variacións na taxa de pobreza en función dos diferentes criterios utilizados para definila (modificacións no limiar). Sen embargo, indicadores como a taxa de pobreza poden modularse a partir de cambios ou intervencións na distribución da renda que teñen un efecto importante sobre a calidade de vida das persoas.

Neste senso, as medidas adoptadas para afrontar a crise económica provocada pola COVID-19 puxeron de relevo a importancia da acción da Administración do Estado para soste a calidade de vida das persoas.

Neste sentido, antes de avanzar coa análise, **convén por en perspectiva o gasto social desta comunidade autónoma**. A continuación preséntanse dos datos recollidos polo informe 'La Inversión social por CCAA 2025'³³ publicado pola Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios Sociales.

Así, o **gasto en políticas sociais** (Sanidade, Educación e Servizos Sociais) de todas as comunidades autónomas en 2024 supuxo o 59,1% dos seus orzamentos totais, mentres que en **Galicia foi do 62,8% o que a sitúa como a sexta rexión coa porcentaxe máis elevada o que a súa vez se traduce nunha inversión anual media de 3.446€, 169€ máis que a inversión anual media a nivel nacional**.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

³³ <https://directoressociales.com/wp-content/uploads/2025/09/INFORME-2025.pdf>

O EFECTO DAS TRANSFERENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO

A continuación, compáranse os datos de pobreza reais con aqueles que existirían nun país sen acción das administracións do Estado, pero antes convén puntualizar a que axudas e prestacións se fai referencia cando se fala de transferencias do Estado. Segundo a propia ECV estas transferencias son:

- Axudas por familia/fillos
- Axudas para vivenda
- Prestacións por desemprego
- Prestacións por vellez
- Prestacións por supervivencia
- Prestacións por enfermidade
- Axudas para estudos
- Exclusión social (IMV, rendas autonómicas)


Como mostra o seguinte gráfico, a intervención das administracións do Estado teñen un impacto determinante na redución da pobreza. Dito gráfico mostra unha comparativa de:

- As taxas de pobreza que se obteñen co funcionamento normal do Estado (liña continua coas taxas máis baixas).
- As que se obterían nos casos de suspender todas as transferencias excepto as de xubilación e supervivencia.
- As que se obterían de suspender todas as transferencias, incluso as de xubilación e supervivencia (liña de guiños superior, as taxas máis elevadas).

Polo tanto, resulta que a acción das diferentes administracións do Estado **mediante a totalidade das transferencias incluídas as pensións, consegue reducir a taxa de Galicia dende o 42,3% ata o 14,2%.**

Por outra parte, si se mantiveran **as pensións de xubilación e supervivencia e non se realizaran outras transferencia, a taxa de pobreza alcanzaría o 19,8%** da poboación galega.

Efecto das transferencias na pobreza en Galicia




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

En comparación co efecto das administracións públicas a nivel nacional, en termos relativos **o impacto en Galicia é maior**: mentres que **manter as pensións de xubilación e supervivencia reduce a pobreza en Galicia 22,5 puntos**, a nivel nacional o fai en 16,6 puntos.

A súa vez **se non houbera ningún tipo de transferencias a poboación en pobreza en Galicia aumentaría un 197,6% (28,1 puntos)**. Actualmente a taxa de pobreza é do 14,2%, é dicir, 384.000 persoas, de non existir ningunha transferencia ese número ampliaríase a 1.144.567 persoas en total, máis de 760.000 persoas a maiores das que están actualmente en pobreza. Mentres que en toda España o incremento sería de 116,4% (22,9 puntos).

Efecto das prestacións sociais na pobreza 2024 (puntos porcentuais)

■ Resto de prestacións sociais ■ Prestacións por xubilación e supervivencia



Fonte: Elaboración por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Ao illar o efecto das transferencias distintas das pensións (como as prestacións de protección familiar ou as de garantía de renda, entre outras), **constátase que este ano estas reducen a pobreza en Galicia 5,6 puntos**, é dicir, case 536.000 persoas (case 152.000 máis) o que confirma a importancia do sistema de protección máis alá das pensións.

A análise do esforzo orzamentario das diferentes administracións públicas nos últimos exercicios permite alertar de que **a ambición do mesmo, clave para reducir a pobreza está a diminuír**. Non tanto no impacto das pensións de xubilación e supervivencia como no resto de transferencias directas e indirectas de loita contra a pobreza e a exclusión social que se incrementaron en gran medida para paliar os efectos da crise económica e sanitaria do COVID-19.

Así, se no 2021 e 2022 as pensións permitiron reducir 22,2 puntos a taxa de pobreza en Galicia, cunha lixeira redución dun 21,6 no 2023 e aumento do 22,5 no 2024. **O impacto do resto de medidas estatais, autonómicas e locais reduciuse practicamente á metade manténdose estables no último ano**: 10,4 puntos no 2021, 8,4 no 2022 e 5,6 no 2023 e 2024 . No ultimo ano menos que no conxunto do estado (6,3 puntos).


Unha negativa tendencia ao menor compromiso orzamentario que se repite no conxunto do estado, onde no 2021, 2022 e 2023 as diferentes pensións permitiron reducir 16,7, 16,6 ,16,4 e 16,6 puntos a taxa de pobreza en España, mentres que o impacto do resto de medidas estatais, autonómicas e locais diminuía progresivamente e mantense estable no último ano: 9,5 puntos no 2021, 7,5 no 2022, 6 no 2023 e 6,4 no 2024.³⁴

A continuación, analízase o efecto das **transferencias das administracións do Estado na pobreza severa**. Así, en Galicia a poboación en pobreza severa **aumentaría ata o 31,1%** se non se realizase ningunha transferencia incluídas as pensións de xubilación e supervivencia.

A taxa de pobreza severa foi do 5,9%, é dicir, unhas 160.000 persoas, de non existir ningunha transferencia, a taxa de pobreza aumentaría **en termos absolutos case 842.000 persoas**, é dicir, case 682.000 persoas máis. E subiría ata o 9,6% se mantemos as pensións xubilación e supervivencia pero quitamos o resto de transferencias, é dicir, case 260.000 persoas, unhas 100.000 persoas máis que as que hai actualmente.

³⁴ XIV Informe sobre o Estado da Pobreza en Galicia 2024: <https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/10/Estado-da-Pobreza-en-Galicia-2024-V2.pdf>


Efecto das transferencias na pobreza severa en Galicia



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

O seguinte gráfico representa o impacto da acción do Estado nos ingresos dos fogares. Así, **se desaparecen por completo estas transferencias, a renda media por unidade de consumo reduciríase en Galicia ata os 14.770€,** é dicir, decrecería un 30,9% ata chegar aos 6.590€. Se soamente se mantivesen as pensións por xubilación e supervivencia, esta renda media caería 1.325 euros (un 6,2%) ata os 20.035 euros de media por unidade de consumo.

Galicia: Efecto das transferencias na renda media por unidade de consumo




Fonte: Elaboración por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por último, ao analizar por deciles o impacto das transferencias na renda por unidade de consumo, apréciase como **os estratos máis vulnerables son os que verían máis reducidos os seus ingresos**. Ao tomar como exemplo os deciles con ingresos inferiores ao limiar da pobreza (1 e 2 no caso de Galicia), se non existise ningún tipo de acción redistributiva pública, as súas rendas redúcense ata os 3.028€, é dicir, a totalidade de transferencias do Estado aumenta en 4.574€ a renda media dos deciles 1 e 2 (151% máis) en Galicia.

Nos tres deciles con maiores ingresos, sen embargo, as transferencias do Estado, incluídas pensións, aumentan a súa renda media en 8.624€, o que supón un incremento do 33,0%. A pesar de que o crecemento é proporcionalmente máis elevado no grupo máis pobre, non pode deixar de notarse que **a inxección de renda por unidade de consumo nos tres deciles máis altos é case o dobre (1,9 veces) de elevada que nos dous deciles máis baixos**. Se soamente se mantivesen as pensións de xubilación e supervivencia, as demais transferencias conseguirían que os deciles máis baixos dispuxeran de 1.410€ máis, é dicir, un 22,8% máis dos seus ingresos.

Nos tres deciles máis altos, polo contrario, as transferencias (sen pensións) conseguen un incremento de 1.235€ (3,7% máis).

Galicia: Efecto das prestacións sociais na renda por unidade de consumo por deciles (2024)



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

O ALCANCE DAS PRESTACIÓNS SOCIAIS

A continuación analízase a cantidade de persoas que residen en fogares que tiveron ingresos en forma de tres tipos de prestacións:


- Prestacións de protección á familia, é dicir, os ingresos por maternidade ou coidado de menores ou persoas maiores.³⁵
- Prestacións de garantía de renda, isto é ingresos por asistencia social como a Renda Inserción Social de Galicia (RISGA) ou o Ingreso Mínimo Vital (IMV).
- Axudas á vivenda, é dicir, aos ingresos para facer fronte aos gastos totais relativos á vivenda³⁶.

Durante o período 2008-2024, o acceso ás prestacións sociais en España estivo marcado polos ciclos económicos e as políticas públicas aplicadas en cada contexto. Ao longo destes anos, o número de persoas que recibiron prestacións incrementouse, reflexando unha ampliación tanto na cobertura como na intensidade das mesmas.

Entre os tres tipos de prestacións analizadas – axudas á vivenda, prestacións de garantía de renda e prestacións de protección á familia –, estas últimas son as que alcanzan a un maior número de persoas.

En 2024, **as prestacións de protección á familia, vinculadas á maternidade ou ao coidado de menores e persoas maiores chegan ao 4,6%** da poboación de Galicia, o que supón un alcance 1,3 puntos inferior ao que teñen a nivel nacional (5,9%).

Alcance das prestacións (2024)



Fonte: Elaboración por EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

³⁵ A pregunta da ECV refírese á percepción de pensións ou prestacións de "Protección á familia (maternidade, coidado de nenos e nenas, de persoas maiores, etc.)"

³⁶ Nesta ola a ECV pregunta "Durante o ano 2023, recibiu o fogar algunha prestación, subsidio ou outras axudas en metálico, procedentes de fondos públicos, para facer fronte aos gastos totais desta vivenda?"

As prestacións de garantía de renda tamén teñen unha extensión menor entre a poboación desta comunidade, chegando a un 4,3% que entre o total nacional, onde chegan a un 7,2%.

En contraste, **as axudas á vivenda, as de menor extensión, en 2024 chegan ao 2,3%** da poboación de Galicia, valor similar ao que se da a nivel nacional, onde chegan a un 2,2%.

O PAPEL DOS CONCELLOS NA REDUCCIÓN DA POBREZA

A redución da pobreza non é unha cuestión que competa unicamente ás administracións autonómicas, goberno central ou Comisión Europea, se non que é tamén unha competencia municipal. Os concellos teñen capacidade para investir en políticas públicas que contribúan a reducir a pobreza, como por exemplo a inversión en servizos sociais ou o desenvolvemento de políticas de vivenda.

Se observamos os datos de renda e pobreza en Galicia a nivel municipal, podemos detectar grandes diferenzas que, en parte, dependen tamén da inversión e capacidade dos concellos para por en marcha políticas públicas para a redución da pobreza e a inclusión social de persoas en situación de vulnerabilidade.

Unha das novidades que introducimos neste informe e a análise da pobreza nos concellos galegos. No informe deste ano imos centrarnos soamente en **analizar os datos de pobreza dos sete grandes concellos en Galicia**: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Para os datos de pobreza por concellos imos utilizar o [**Atlas de distribución de renda de los hogares do INE**](#), unha ferramenta que constitúe unha base de datos con información detallada sobre rendas, desigualdade ou pobreza a nivel de barrio ou sección censal de todos os concellos do territorio español. Un recurso moi útil pero pouco utilizado, que permite obter información moi precisa a pequena escala e, con elo, elaborar políticas públicas máis eficaces.

O uso desta ferramenta axuda a enriquecer o informe con novas fontes de información estatística que permiten acercarse, neste caso, á situación dos sete grandes concellos galegos.

Os últimos datos dispoñibles desta fonte foron publicados en outubro de 2025 pero corresponden ao ano 2023. A pesares diso, permiten configurar un mapa das desigualdades que existen entre concellos e dentro dos mesmos. Non obstante, os datos que imos mostrar hai que tomalos con cautela, posto que moi posiblemente sufrisen modificacións nos últimos anos e, polo tanto, non son representativos da situación actual, na que a pobreza se reduciu notablemente en Galicia.

A renda media nos sete grandes concellos

A **renda media por persoa subiu do 2022 ao 2023 nos sete grandes municipios** galegos, sendo Santiago de Compostela, seguido de A Coruña, as localidades que maior renda media por persoa teñen. É Santiago de Compostela o concello cunha renda máis alta 17.514 €.

RENDA MEDIA POR PERSOA NOS SETE GRANDES CONCELLOS

	2021	2022	2023
A Coruña	14.961	16.190	17.157
Ferrol	13.487	14.236	15.176
Santiago de Compostela	15.300	16.373	17.514
Lugo	13.614	14.337	15.082
Ourense	13.473	14.185	15.203
Pontevedra	13.676	14.460	15.483
Vigo	13.655	14.430	15.359

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Atlas de distribución de renda dos fogares (INE)


Pola contra, **Lugo é o municipio coa renda por persoa máis baixa**, con 15.082€, **seguido de Ferrol** con 15.176€. Tamén é Lugo o municipio onde menos se incrementou a renda media, tan so o fixo en 745€, moi lonxe dos 1.141€ que creceu a renda en Santiago de Compostela.

Pobreza relativa nos sete grandes concellos

Do 2022 ao 2023, a taxa de pobreza relativa medida co limiar do 60% da mediana da renda nacional, **aumentou en case todos os sete grandes concellos, a excepción de Ourense** onde se mantivo practicamente estable. Hai que lembrar que estes datos son anteriores aos datos que estamos a presentar neste informe autonómico e estatal, nun contexto diferente ao actual no que a tendencia era o incremento das taxas de pobreza.

Non obstante, cabe destacar cales son os municipios cunhas taxas de pobreza máis elevadas e incluso facer unha análise de como se distribúe a taxa de pobreza dentro dos propios municipios.

O concello con maior taxa de pobreza en 2023 era Ourense, cun 21,7% seguido de Ferrol (21,1%), Lugo (21,0%) e Pontevedra (19,4%). Entre os concellos con menores taxas de pobreza están Santiago de Compostela cun 15,1% , seguida de Vigo (17,6%) e de A Coruña (18,0%).



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Atlas de distribución de renda dos fogares (INE)

Sen embargo, **a pobreza non se distribúe de xeito homoxéneo por todo o municipio**, existen sinaladas desigualdades por barrios. Así, por exemplo, en Santiago de Compostela, o concello con menor taxa de pobreza, a cifra máis baixa é de 7,1%, mentres que a máis alta é de 29,5%.

POBREZA RELATIVA

	Total			Homes			Mulleres		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023
A Coruña	16,7	17,8	18,0	15,7	16,7	17,1	17,6	18,6	18,9
Ferrol	19,6	20,1	21,1	18,5	18,7	19,8	20,6	21,3	22,3
Santiago de Compostela	14,2	14,6	15,1	13,6	13,8	14,4	14,7	15,2	15,8
Lugo	19,0	20,3	21,0	17,5	18,9	19,7	20,2	21,5	22,1
Ourense	20,3	21,8	21,7	19,0	20,4	20,2	21,3	22,9	22,9
Pontevedra	18,2	19,2	19,4	16,8	17,9	18,1	19,5	20,3	20,5
Vigo	16,2	17,5	17,6	15,2	16,4	16,6	17,1	18,4	18,6

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Atlas de distribución de renda dos fogares (INE)


Do mesmo xeito, **se analizamos os datos de pobreza por seccións censuais do concello de Ourense**, pode observarse como a cifra máis baixa é de 10,7% mentres que a máis alta é de 42,3%.

Estes datos dan conta **das diferenzas que existen por barrios dentro dos propios concellos**. A información por seccións censuais é necesaria para concretar as actuacións que deberían levarse nestas zonas e coas persoas que residen nelas, pero non só a nivel de política social, se non tamén en vivenda, eficiencia enerxética, urbanismo, emprego, sanidade e educación.

Pobreza severa nos sete grandes concellos

No 2023, a taxa de pobreza severa, medida con limiar do 40% da mediana da renda nacional, **mantívose máis ou menos estable nos sete grandes concellos**, a taxa **máis alta foi a de Ferrol cun 10,3%, seguida de Ourense cun 10,2% e Lugo cun 9,7%.**

Pola contra, Santiago de Compostela cunha taxa de pobreza severa do 7,3% é o concello con mellores datos, seguido de Vigo cun 7,9% e A Coruña cun 8,4%.



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Atlas de distribución de renda dos fogares (INE)

É evidente a significativa diferenza nas taxas de pobreza nos sete grandes concellos, sendo Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, os municipios con menores taxas, aínda que en todos se mantén unha tendencia xeral, **a pobreza feminina é mais elevada en todas as localidades**, unha tendencia que se producen tamén a nivel estatal e autonómico.


POBREZA SEVERA

	Total			Homes			Mulleres		
	2021	2022	2023	2021	2022	2023	2021	2022	2023
A Coruña	8,0	8,5	8,4	7,6	8,3	8,2	8,3	8,7	8,7
Ferrol	9,9	10,3	10,3	9,5	9,9	9,9	10,3	10,6	10,6
Santiago de Compostela	6,9	7,0	7,3	6,7	6,7	7,0	7,0	7,3	7,5
Lugo	9,0	9,6	9,7	8,5	9,3	9,4	9,4	9,9	10,0
Ourense	9,8	10,6	10,2	9,3	10,1	9,7	10,2	11,0	10,6
Pontevedra	9,0	9,3	9,1	8,4	8,7	8,6	9,6	9,8	9,6
Vigo	7,4	8,1	7,9	7,0	7,7	7,5	7,8	8,5	8,2

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Atlas de distribución de renda dos fogares (INE)

Os concellos son, xunto co resto de administración responsables de garantir o benestar da poboación e reducir as taxas de pobreza e desigualdade mediante a inversión en políticas sociais ou en vivenda.

Neste senso, se analizamos os datos da inversión que realizan os sete grandes concellos galegos atopamos diferenzas significativas. O Ministerio de Hacienda proporciona cada ano a [liquidación dos Orzamentos das Entidades locais](#),³⁷ onde se recolle entre outros datos, a clasificación económica e por programas de cada concello onde pode verse o gasto que realiza cada concello galego en actuacións de protección e promoción social, partida donde se agrupan tanto os gastos en servizos sociais como en políticas de emprego.



Así ben, tras realizar unha análise destes datos, obsérvase que **os concellos que maior gasto social teñen son Lugo con 217,9 €/hab. e A Coruña con 135,9 €/hab.** En xeral, obsérvase unha subida deste gasto nos concellos xa mencionados e en Santiago de Compostela (aínda que cun incremento máis modesto) que chegou aos 110,3 €/hab. e Vigo, onde chegou ata os 90,2 €/hab. Unha cifra que segue a estar moi por debaixo de concellos como o da Coruña, cunha poboación semellante e que segue a ser insuficiente para reducir a pobreza.

O Concello de Pontevedra é o que menos inviste en protección e promoción social e, xunto co Concello de Ourense é o único que apenas aumentou o seu gasto social dende o 2021. A pesares de que estes dous municipios teñen taxas de pobreza elevadas seguen a ter un gasto social baixo, que nos últimos anos como se pode observar, estancouse. Unha situación semellante ocorre en Ferrol, que sendo un dos

³⁷ <https://serviciostelematicosexthacienda.gob.es/SGFAL/CONPREL>

sete concellos con maior taxa de pobreza, apenas incrementou o seu orzamento nos últimos anos.

Nesta liña de avanzar no seguimento do gasto real executado dende os diferentes concellos, non podemos deixar de recomendar o recente **Informe da conta xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2023 impulsado polo Consello de Contas de Galicia**, cunha análise exhaustiva da partida de Gasto Social de cada un dos concellos galegos.³⁸

Analizando exclusivamente esta partida, **A Coruña, Lugo e Ferrol son as cidades galegas con maior gasto social por habitante, e pola contra Vigo e Pontevedra as que menos invisten** nesta materia.

Gasto social por habitante nos sete grandes concellos (2023)	
A Coruña	125,95
Lugo	107,64
Ferrol	105,89
Ourense	92,44
Santiago de Compostela	89,59
Vigo	72,79
Pontevedra	48,65

Fonte: Consello de contas de Galicia

³⁸ Anexo 32.Gasto social por habitante. Páxina 276 e seguintes
https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/documents/2025/1702024-01_IF_Informe_Conta_Xeral_Entidades_Locais_2023_G.pdf

ACCESO Á VIVENDA E POBREZA

O PROBLEMA DA VIVENDA


Como se abordou no informe do ano anterior, e como sinalan de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza, especialmente a máis severa, continúan as dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible.

A problemática residencial converteuse nun dos principais factores que xeran pobreza, e afecta a unha parte significativa da poboación, principalmente para aquela que vive de alugueiro. Esta situación continúa a ser un dos principais obstáculos para saír da pobreza que viven milleiros de familias galegas.

Neste sentido, o réxime de tenza da vivenda é un factor fundamental para comprender a relación entre vivenda e pobreza. Aínda que en menor medida que a nivel nacional, nos últimos anos obsérvase en Galicia un lento pero progresivo proceso de reconfiguración da estrutura no réxime de tenza.

Deste modo, segundo os datos da ECV, as persoas que residen nunha vivenda en propiedade pasaron de representar o 85,0% en 2008 a ser un 77,2% en 2024, o que supón que **case se duplique a proporción das persoas que viven de alugueiro, pasando dun 7,0% a un 15,0%.**

Réxime de tenza da vivenda




Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Deste modo, dende 2008 diminuíu o número de persoas que teñen unha vivenda en propiedade o que provoca unha equiparación na contía do gasto destinado a esta.

Antes da Gran Recesión, as persoas que pagaban unha hipoteca en Galicia aboaban de media 171€ máis que aquelas que pagaban un alugueiro (474€ mensuais en 2008

fronte a 303€), situación que se equiparou paulatinamente e este último ano o desembolso medio por arrendamento é de 441€ menos que a letra da hipoteca (501€).


Gasto mensual medio na cota hipotecaria e alugueiro



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Para complementar estes datos e consultamos o **prezo medio dos alugueiros en Galicia**, mediante o [Observatorio da Vivenda de Galicia](https://www.observatoriadavivenda.gal/)³⁹, onde observamos que o prezo medio dos alugueiros en Galicia non parou de incrementarse, principalmente na Coruña (732,6€), Vigo (693,1€), Pontevedra (663,1€) e Santiago de Compostela (657,5€)⁴⁰.

Evolución do prezo medio dos alugueiros en Galicia



*Año 2025, datos avance. Año 2024, datos provisionais. Anos 2014-2023, datos definitivos

Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos do Observatorio da Vivenda de Galicia

Como se observa no gráfico anterior, nos últimos anos produciuse un progresivo incremento dos prezos do alugueiro, estamos a falar de **subidas na renda de alugueiro de máis de 220€** na última década. Unha cantidade que ten un gran impacto no orzamento xa de por si axustado das persoas e fogares. Non so daqueles


³⁹ <https://www.observatoriadavivenda.gal/es/los-alquileres-en-los-anos-2014-2025-septiembre-2025>

⁴⁰ <https://www.observatoriadavivenda.gal/es/los-alquileres-en-los-siete-grandes-municipios-septiembre-de-2025>

en situación de pobreza e exclusión se non tamén daqueles fogares que, aínda non estando en pobreza, están en situación carencia material e social severa. Unha problemática na que é necesario afondar.

Por outra banda, **en Galicia o gasto medio dedicado á vivenda**, tanto si se trata dunha hipoteca como se é un alugueiro, **é bastante inferior ao nacional**. Dado que, como se mostrou anteriormente, as rendas medias en Galicia non distan moito do promedio nacional, a porcentaxe dos ingresos que supón este desembolso nesta comunidade é inferior ao dato total do país: en 2024 en Galicia de media destínase á vivenda o 13,2% dos ingresos, fronte ao 17,0% destinado a nivel nacional.


Porcentaxe de ingresos destinado á vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir da ECV

Se para esta mesma análise se segmenta a mostra seleccionando á **poboación en pobreza**, obsérvase como en Galicia a porcentaxe de gasto destinado á vivenda supón un **33,2%**, é dicir, máis do dobre (2,5 veces) do rexistrado entre toda a poboación galega (13,2%).

Porcentaxe de ingresos destinados á vivenda entre a poboación en pobreza




Hai que destacar tamén, que **este dato empeorou con respecto ao ano anterior, pasando dun 29,8% a un 33,2%**, un incremento de 3,4 puntos, o que reverte a tendencia descendente que se viña producindo dende o 2022.

Non obstante, e a pesares da relativa mellora nos datos, todo isto, **sinala á vivenda coma un factor de vulnerabilidade**, xa que se trata dunha partida de gasto do fogar practicamente ineludible que absorbe boa parte dos ingresos e que, polo tanto, determina que parte da renda dispoñible pode dedicarse a satisfacer o resto de necesidades básicas do fogar.

Existe, ademais, certo consenso en que este gasto destinado á vivenda, en condicións ideais, debería representar en torno ao 30% da renda dispoñible. Por este motivo, considérase que estes gastos totais supoñen unha carga elevada ou sobreesforzo cando a suma de todos eles representa o 40% ou máis da renda.

Como se mostra no seguinte gráfico, en Galicia o **3,9% da poboación ten gastos de vivenda superiores ao 40% da renda dispoñible**, un valor que supón a metade do medido a nivel nacional (7,8%) e que representa o máis baixo de todas as comunidades autónomas.


Poboación con gasto elevado en vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Sen embargo, se de novo se toma soamente á poboación galega que vive baixo o limiar da pobreza, a cifra aumenta considerablemente: **o 22,6% das persoas pobres en Galicia teñen un gasto elevado en vivenda**, o que supón 0,6 puntos máis que o ano pasado e 7,4 puntos menos que o dato nacional, que é do 30,0%.


Poboación pobre con gasto elevado en vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Por outra banda, se analizamos algúns datos do AROPE e os seus compoñentes, que xa vimos anteriormente, hai que saltar **o empobrecemento que supón vivir de alugueiro**. Se comparamos a AROPE da poboación que vive de alugueiro e a que ten a vivenda en propiedade podemos observar unha enorme fenda. Así a AROPE para aqueles que viven de alugueiro é de 36,1% e para aqueles que o fan en propiedade é de 14,8%, unha diferenza de 21,3 puntos.


AROE en Galicia segundo tenza da vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

Pero para complementar os datos da Enquisa de Condicións de Vida do INE, é interesante analizar tamén a **Enquisa de Presupostos Familiares** do INE entre 2016 e 2024 que confirman a tendencia en aumento do esforzo que fan os fogares nos pagos relativos á vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles, que alcanzou o seu pico mais alto en 2020, e en 2024 sube a 28,2% con respecto ao ano anterior, rompendo coa tendencia descendente. Este dato segue a estar por debaixo do valor a nivel nacional (32,4%) que tamén se incrementou con respecto ao ano anterior.

Porcentaxe de gasto medio en vivenda sobre o gasto medio total dos fogares




Fonte: Elaboración de EAPN a partir da Enquisa Presupostos Familiares do INE

Segundo esta mesma enquisa, **os galegos e galegas destinan 45,4% do seu presuposto a vivenda e alimentación**, unha situación que se viu agravada pola inflación e o progresivo incremento do custo da vivenda e que continúa

Os datos do gasto por grupos de produtos mostran que actualmente os galegos e galegas destinan unha media de 8.846,2€ á vivenda, o que supón un 42,6% máis respecto ao 2006⁴¹.

Distribución do gasto dos fogares en Galicia 2024



Fonte: Elaborado por EAPN a partir da Enquisa de Presupostos Familiares do INE

En conclusión, **parece que algúns dos datos que fan referencia ao gasto medio dos fogares en vivenda melloran lixeiramente**. Non obstante, os fogares en situación de pobreza continúan a facer un maior esforzo no pago da vivenda e estanse a ver especialmente afectados pola subida dos alugueiros dos últimos anos, pois son os fogares en situación de pobreza os que en maior medida residen en vivendas en alugueiro.

CONDICIÓN DA VIVENDA

A relación entre pobreza e vivenda non se limita unicamente ao acceso ou ao coste económico que representa, se non que tamén se manifesta nas condicións de habitabilidade nas que se atopa dita vivenda. Este apartado céntrase en dúas dimensións clave que permiten observar como a pobreza impacta na calidade da vivenda: a pobreza enerxética e a falta de espazo.

Pobreza enerxética

A pobreza enerxética constitúe unha das manifestacións máis significativas da intersección entre pobreza e condicións da vivenda. Refírese á situación que padecen as persoas dun fogar que non pode acceder aos servizos enerxéticos esenciais. Esta dificultade ten efectos no benestar destas persoas, que poden estar expostas a malas


⁴¹ <https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=25143>

condicións de habitabilidade como falta de confort térmico, ademais de dispor de menos renda para outros bens e servizos. Con todo, a pobreza enerxética, non é un tipo de pobreza específica, se non que é unha derivada máis da pobreza. É, polo tanto, unha consecuencia máis da falta de ingresos.

Os datos da ECV permiten examinar dúas dimensións clave da pobreza enerxética: os retrasos no pago de facturas de subministros e a dificultade para manter a vivenda a unha temperatura adecuada durante o inverno.

No 2024, o 4,6% da poboación en Galicia experimentou retrasos no pago de facturas de subministros como a luz e o gas, fronte ao 9,8% de poboación nacional. Como mostra o seguinte gráfico, tras cinco anos de aumento da incidencia deste problema, **este ano redúcese 1,8 puntos** e sitúase preto do nivel de 2019.

Retraso no pago de facturas de electricidade, auga, gas...




Por outra banda, nos últimos anos, viña a producirse o **progresivo aumento das persoas que non poden manter a vivenda a unha temperatura adecuada nos meses de inverno** e, polo tanto; está en situación de pobreza enerxética.

Esta tendencia cambiou en 2024, **descendendo 5,0 puntos ata chegar a un 16,6% da poboación residente en Galicia non pode manter a súa vivenda adecuada en inverno**. Esta cifras é un punto máis baixa que a detectada a nivel nacional (17,6%). Non obstante, continúa a ser unha das cifras máis elevadas dos ítems do indicador de Carencia Material e Social Severa.

Como mostra o seguinte gráfico, a evolución deste indicados a ambos niveis mantivo unha tendencia similar ao longo de boa parte da serie.

Dificultades para manter a vivenda a unha temperatura adecuada en inverno




Falta de espazo na vivenda

A falta de espazo suficiente na vivenda constitúe unha forma relevante de privación material que afecta ao benestar físico, emocional e relacional das persoas. Este indicador recolle os casos nos que o tamaño da vivenda non resulta adecuado para o número e composición das persoas que a habitan, o que pode dificultar o descanso, a privacidade ou o estudo, e ter efectos negativos especialmente en fogares con menores ou persoas dependentes.

En 2024, o 5,1% da poboación de Galicia reside en fogares con falta de espazo. Este resultado crece 0,6 puntos respecto ao ano anterior, pese ao que continúa permanecendo por debaixo a nivel nacional (9,2%), cuxo valor aumenta 1,5 puntos respecto ao 2023.

Falta de espazo na vivenda



Fonte: Elaboración de EAPN a partir dos datos da ECV (INE)

As prestacións de garantía de renda tamén teñen unha extensión menor entre a poboación desta comunidade, chegando a un 4,3% que entre o total nacional, onde chegan a un 7,2%.

En contraste, **as axudas á vivenda, as de menor extensión, en 2024 chegan ao 2,3%** da poboación de Galicia, valor similar ao que se da a nivel nacional, onde chegan a un 2,2%.

RESUMO EXECUTIVO

Este informe forma parte do [*XV Informe El Estado de la Pobreza en España 2025*](#) da Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-España)⁴² que avalía o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, especialmente o ODS 1, que busca reducir á metade a pobreza en todas as súas formas.

O informe, baseado en datos oficiais como a Enquisa de Condicións de Vida 2024 do INE, analiza o risco de pobreza e exclusión social a través do indicador AROPE, que combina tres factores: risco de pobreza, baixa intensidade laboral no fogar e privación material e social severa.

O XV Informe *O Estado da Pobreza en Galicia 2025* mediante a análise da Enquisa de Condicións de Vida 2025, o Atlas de distribución de renda nos fogares do INE, datos do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e do Instituto Galego de Estatística (IGE), **mostran unha notable mellora nos principais indicadores** empregados para a medición da pobreza, a exclusión social e a desigualdade.

Son tamén evidentes as **enormes dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible** principalmente para aquelas persoas en pobreza e para as que viven de alugueiro. Unha cuestión que desenvolvemos no [*VIII Informe situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia*](#) que publicamos este ano⁴³.

En primeiro lugar, respecto á información recollida na Enquisa de Condicións de Vida (ECV), debe recordarse especificamente que os datos da renda dos fogares refírense ao ano anterior da enquisa, polo que todos os indicadores derivados dos ingresos das persoas refírense ao 2023.

Por outro lado, os indicadores de **carencia material e de vivenda corresponden ao 2024** e, polo tanto incorporan os efectos e reflexan a **mellora na calidade de vida que se produciu ese ano**.

Neste contexto, os indicadores de pobreza e desigualdade do informe recollen **como comeza a superarse a crise do custe da vida e os efectos positivos das políticas sociais**, que reflexan a mellora da calidade de vida que se produciu este ano.

⁴² XV Informe El Estado de la Pobreza en España 2025 (EAPN - ES):

<https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/XV-informe-EL-ESTADO-DE-LA-POBREZA-2025-Capitulo-1.pdf>

⁴³ VIII Informe situación 2024: Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia: <https://eapn-galicia.com/wp-content/uploads/2024/10/Informe-situacion-vivenda-2024.-Asegurando-o-dereito-a-unha-vivenda-digna-axeitada-e-accesible.-Version-final-1.pdf>

O **aumento das rendas medias** é unha das claves para a redución da pobreza, pero as **pensións por xubilación e supervivencia** xogan tamén un papel fundamental na contención da pobreza. Por último, hai que sinalar o mellorable efecto redutor da pobreza que teñen o **resto de prestacións públicas**.

Non obstante, **convén ter cautela**, posto que os resultados seguen mostrando cifras elevadas e permanecen unha serie de problemas estruturais aos que segue sen atoparse solución.

A continuación, móstranse os principais resultados e conclusións dos distintos indicadores do informe.

RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN

- No 2024 case **509.000 persoas residentes en Galicia** - o 18,8% da poboación estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE), **180.000 persoas menos que no 2023**.
- **Os indicadores, en especial o de pobreza, mantéñense por debaixo dos do conxunto do estado**, onde a taxa AROPE baixa do 26,5% no 2023 ao 25,8% no 2024.
- Os datos recollen como **comeza a superarse a crise do custe da vida e os efectos positivos das políticas sociais**. Ademais, os indicadores de carencia material e social severa recollen a mellora da calidade de vida que se produciu en 2024. A vivenda continúa a ser un factor de empobrecemento
- Pese a que en Galicia a situación tiña experimentado un empeoramento, grazas a redución dos indicadores acércase a cumprir cos obxectivos marcados pola Axenda 2030, para a cal debería ter sido **1,4 puntos inferior, é dicir, case 38.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social**.
- **Mellora a taxa de pobreza feminina e redúcese a fenda de xénero**. Das case 509.000 persoas que no 2024 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de **228.000 eran homes** (uns 77.000 menos, 6 puntos) e **case 281.000 mulleres** (103.000 menos, 7,4 puntos). Redúcese a feminización da pobreza.
- **O risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil diminúe a mínimos históricos da serie estudada e teñen as taxas máis baixas por grupo de idade**, o 17,5%, en 2024. O grupo de maiores de 64 anos diminúe aínda que en menor medida a taxa AROPE (18,9%, 5,6 puntos menos que en 2023).
- **Diminúe a taxa de pobreza nos fogares con nenos e nenas, en 2024 o 15,7% está en AROPE** (15,7 puntos menos que en 2023), fronte ao 21,0% que vive sen menores (3,3 puntos menos que en 2023). Revértese a tendencia de que ter fillos e fillas é un factor de empobrecemento.
- Baixa **a pobreza das persoas residentes en fogares monoparentais (máis do 80% encabezaos por mulleres) ao 50,3%**. Esta cifra supón un descenso de 2,4 puntos respecto ao ano anterior (52,7%) e **afecta á redución da pobreza infantil e tamén á redución da pobreza en fogares con menores**.
- **Nas zonas urbanas e rurais rexistrouse un descenso da taxa AROPE no último ano**. Detéctase unha maior incidencia do indicador AROPE nas zonas rurais (20,5%) que nas urbanas (18,2%).
- **Vivir de alugueiro é un factor de empobrecemento**. A poboación que vive de alugueiro ten unha taxa AROPE de 36,1% fronte a poboación que vive en propiedade cunha taxa do 14,8%.

- **A discapacidade é un factor determinante para estar en risco de pobreza e exclusión social.** As persoas que teñen algunha discapacidade teñen unha taxa de pobreza e exclusión social (AROE) do 28,7% fronte ás persoas sen discapacidade cunha taxa do 15,8%.

RISCO DE POBREZA

- A **taxa de pobreza redúcese e pasa do 19,4% en 2023 ao 14,2% en 2024**, é dicir, **máis de 384.000 persoas**, das cales máis de 216.000 son mulleres e 168.000 son homes. A taxa de pobreza a nivel nacional redúcese lixeiramente pasando do 20,2% en 2023 ao 19,7% en 2024.

POBREZA SEVERA

- A **taxa de pobreza severa** (con ingresos máximos de 644€ mensuais nun fogar dunha persoa ou 1.351€ no de dous adultos e dous nenos ou nenas) **redúcese do 7,0% ao 5,9% (1,1 puntos menos) unhas 160.000 persoas**, e segue a manterse por debaixo da media estatal (8,4%, 2,5 puntos mais alta).

POBREZA E PENSÍONS

- **370.261 pensións de galegas e galegos están por debaixo do limiar da pobreza** (827€ ao mes en 14 pagas), o 47,4% do total. 11,8 puntos máis que a nivel nacional (35,6%).
- **Un 20,3% de pensións están por debaixo do limiar da pobreza severa**, un total de 158.406, o que supón estabilidade con respecto ao ano anterior (20,2%).
- **O 63,6% das pensións de viuvez**, a inmensa maioría correspondentes a mulleres, teñen un importe inferior ao limiar de pobreza, dato inferior ao 2023 (63,6%). **Aumentaron as pensións por viuvez por debaixo do limiar da pobreza severa** do 36,6% en 2023 ao 42,4% en 2024.
- **Grazas ao efecto das pensións, a pobreza redúcese 59,5 puntos na poboación de 65 anos e máis e 9,2 puntos na poboación entre 0 e 64 anos**, é dicir, de non haber pensións en Galicia habería 557.000 persoas de 65 anos e máis en pobreza (428.000 máis).

BAIXA INTENSIDADE DE TRABALLO NO FOGAR (BITH)

- **No 2024, o 7,1% da poboación menor de 65 anos residente en Galicia vivía en fogares con baixa intensidade no emprego** (nos que se traballa menos do 20% do seu potencial de emprego). o que se traduce nunhas 141.000 persoas, 9.000 menos que no 2023 (7,5%).
- **Aumenta lixeiramente a fenda de xénero na taxa BITH**, o que se debe en gran medida a un maior descenso do indicador entre os homes que pasou dun 7,4% en

2023 a un 6,7% en 2024. Con este dato, **a taxa BITH das mulleres (7,5%) estáncase e volve distanciarse con respecto á dos homes.**

- A pesares dun incremento das taxas de emprego nas mulleres e da redución da fenda salarial estas **traballan en maiores condicións de precariedade laboral e soportan unha maior proporción de persoas con xornada a tempo parcial** (21,1% vs 6,6 %) ⁴⁴. Todo isto determina ingresos máis baixos entre as mulleres en salarios e pensións.

CARENCIA MATERIAL E SOCIAL SEVERA (CMSS)

- **O indicador de Carencia Material e Social Severa sitúase no 4,8%** experimentando un notable descenso con respecto ao ano anterior (8,2%), o que se traduce en case 130.000 persoas nesa situación en Galicia, 91.000 menos que no 2023.
- Todos os elementos que compoñen o indicador de Carencia Material e Social Severa **melloran**. A pesares disto continúan a manterse elevadas as taxa de persoas **non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura axeitada**, que pasou 21,6 % no 2023 ao 16,6% no 2024 ou **as persoas que non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos** (que pasou dun 29,2% en 2023 a un 26,8% en 2024).
- **Por sexo, os datos de Carencia Material e Social Severa descenden en ámbolos dous casos** respecto ao 2023. Aínda que, baixa máis entre as mulleres (4,1 puntos) que entre os homes (2,6 puntos). Pero continúa a ser superior a taxa feminina (un 5,1%) o que se traduce en case 72.000 mulleres en CMSS, mentres que a taxa masculina rexistra un 4,5% (é dicir, arredor duns 59.000 homes en CMSS).
- **A CMSS dos fogares con menores é superior á dos fogares sen menores (4,5%)**. En 2024, esta diferenza reduciuse en comparación co ano anterior, debido ao maior descenso deste indicador nos fogares con menores, que pasou dun 10,2% a un 5,1%.
- A Carencia Material e Social Severa **mantense máis elevada nas áreas urbanas** (descende 4,6 puntos respecto do 2023 ata o 4,9% en 2024); **e descende con menor intensidade nas zonas rurais** (do 5,4% en 2023 ao 4,7% en 2024).
- Continúan a darse **taxas de CMSS moito máis elevadas entre as persoas que viven de alugueiro (14,6%)** fronte a aquelas que viven en propiedade (2,9%).
- **A taxa de persoas con discapacidade que está en CMSS (7,9%) é maior para aquelas que non teñen ningunha discapacidade (3,5%)**. A pesares de que en

⁴⁴ O último dato de ocupados por tipo de xornada e sexo da enquisa de Actividad económica, ocupación e paro do INE, é do 2023: <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=4235>

ambos grupos sociais baixa, a fenda entre ambos incrementábase. No 2023 hai unha diferenza de 3,5 puntos mentres que no 2024 é do 4,4 puntos porcentuais.

RENDA MEDIA

- As **rendas experimentaron un notable crecemento respecto ao ano anterior**. A **renda media por persoa en Galicia incrementouse ata os 14.558€, cun aumento de 1.411€ con respecto ao 2023** (reducindo a distancia coa media estatal que en 2024 se incrementou ata os 14.807€, cun aumento de 725€ con respecto ao ano anterior).
- Ao ter en conta **a variación do coste da vida** coa actualización dos datos segundo o Índice de Prezos de Consumo (IPC), que foi do 34,1%, en termos de 2009 o seu valor real é de **10.856€⁴⁵**. Polo tanto, o **incremento real da renda dende o ano 2008 ata o 2024 en Galicia, sería de 1.374€**.

DESIGUALDADE

- A redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media e baixa **permitiron mellorar os indicadores de desigualdade**. O índice de Gini galego baixou lixeiramente, d un 27,4 en 2023 a un 26,8% en 2024, e permaneceu inferior ao índice estatal, en concreto 4,4 puntos. **Trátase da comunidade autónoma con menos desigualdade**.
- En Galicia **hai máis poboación da que correspondería ao grupo central** (do decil 4 ao 8), **menos nos estratos máis vulnerables** (deciles 1,2 e 3) **e máis privilexiados** (deciles 9 e 10).

O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO

- **De non existir ningunha transferencia pública** (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia en 2024 a **situación de pobreza chegaría ao 42,3%** (aumentando un 197,6%, 28,1 puntos). Actualmente a taxa de pobreza é do 14,2%, é dicir, 384.000 persoas, **de non existir ningunha transferencia ese número ampliaríase a máis de 1.144.000 persoas**, 760.000 máis que a cifra actual.
- **O impacto das pensións de xubilación e supervivencia en Galicia é maior que a nivel nacional**: mentres que **manter as pensións de xubilación e supervivencia reduce a pobreza en Galicia 22,5 puntos**, a nivel nacional o fai en 16,6 puntos.
- **Si soamente se mantivesen as pensións de xubilación e supervivencia e non houbera ningunha outra transferencia a taxa de pobreza alcanzaría o 19,8 %** da poboación galega (5,6 puntos máis), é dicir, unhas 536.000 persoas en total

⁴⁵ Renda real= Renda nominal / (1+ taxa de variación do IPC).
Taxa de variación do IPC (2008 e 2024): 34,1%

(152.000 máis) o que confirma a importancia do sistema de protección máis alá das pensións.

- A taxa de pobreza severa foi do 5,9%, é dicir, unhas 160.000 persoas, **de non existir ningunha transferencia, a taxa de pobreza aumentaría en termos absolutos case 842.000 persoas**, é dicir, case 682.000 persoas máis. **Se mantemos as pensións por xubilación e supervivencia**, e non houbera ningunha outra transferencia, **a taxa de pobreza severa subiría ata o 9,6%**, é dicir, case 260.000 persoas, unhas 100.000 máis que as que hai actualmente
- **As pensións por xubilación e supervivencia reducen a pobreza 59,5 puntos entre as persoas de 65 anos ou máis, tamén o fan 9,2 puntos entre o resto da poboación**, máis do que o fan no resto de prestacións. Actualmente, a taxa de pobreza da poboación 65 anos e máis é do 17,9%, é dicir, unhas 129.000 persoas. **Si se retirasen as pensións de xubilación e supervivencia, a pobreza neste grupo de idade sería dun 77,4% (59,5 puntos máis), o que implicaría que 557.000 persoas** maiores de 65 anos estarían en pobreza en Galicia.
- A pesar de que o crecemento da renda é proporcionalmente máis elevado no grupo máis pobre, non pode deixar de notarse que a **inxección de renda por unidade de consumo nos tres deciles máis altos é case o dobre (1,9 veces) de elevada que nos dous deciles máis baixos**.
- **As prestacións de protección á familia, vinculadas á maternidade ou ao coidado de menores e persoas maiores chegan ao 4,6%** da poboación (1,3 puntos menos que a nivel estatal) e **as prestacións de garantía de renda teñen unha extensión menor entre a poboación galega (4,3%)** que entre o total nacional (7,2%). En contraste, **as axudas á vivenda, en 2024 chegan ao 2,3% da poboación de Galicia, valor similar ao que se da a nivel nacional (2,2%)**.
- **A Coruña, Lugo e Ferrol son as cidades galegas con maior gasto social por habitante** (125,95 €, 107,64 € e 105,89 €), e pola contra **Vigo e Pontevedra as que menos invisten** nesta materia (72,79 € e 48,65 €).

A EMERXENCIA DA VIVENDA CONTINÚA

- Continúa a **emerxencia residencial** e de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible: **as persoas en pobreza destinan un 33,2% dos seus ingresos á vivenda** e o **22,6% das persoas en pobreza dedican mais do 40% da súa renda dispoñible a gastos de vivenda**.
- No 2024, **o 4,6% da poboación en Galicia experimentou retrasos no pago de facturas de subministros como a luz e o gas**, fronte ao 9,8% de poboación nacional. Este ano redúcese 1,8 puntos respecto ao 2023 e sitúase preto do nivel de 2019.

- **O 5,1% da poboación de Galicia reside en fogares con falta de espazo.** Este resultado crece 0,6 puntos respecto ao ano anterior, pese a que continúa permanecendo por debaixo do dato a nivel nacional (9,2%).

Informe realizado co financiamento da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través do Convenio 2025 para a Coordinación, optimización dos recursos e sinerxías de actuación das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.



#EstadoDePobreza
#PobrezaGalicia

MÁIS INFORMACIÓN EN:

www.pobreza.gal

www.eapn.es/estadodepobreza/

